

A parroquia sitúase no extremo NO do concello de Zas e ten lindes nada menos que con tres concellos distintos: polo N e NE a parroquia de Borneiro (Cabana de Bergantiños); polo NO as de Sarces e Nande (Laxe); polo SO a Salto e polo S a Bamiro (estas dúas últimas do concello de Vimianzo) e Lamas (Zas). Presenta unha forma que tira a rectangular inclinada con orientación de SE a NO.

## SUMARIO

### 1ª PARTE

1. Relevo
2. Hidrografía
3. Xeoloxía
4. Demografía
5. Toponimia: a orixe dos nomes de lugar da parroquia de Baio
6. Baio nos documentos históricos:
  - Ano 1458: os 14 primeiros baieses de nome coñecido.
  - O *Foro das Facendeyras*, unha carga feudal imposta ós vecinos de Baio durante 500 anos (1498-1901)
  - 1592: Servizos de carácter feudal dos baieses co conde de Altamira
  - 1607: a descrición do visitador pastoral J. del Hoyo
  - 1753: Interrogatorio do Catastro de Ensenada
  - A mediados do séc. XVIII case o 82 % dos vecinos eran labregos
  - Nomes dos cabezas de familia de Baio en 1753
  - 1847: a información do *Diccionario* de P. Madoz.
  - 1928: a información de E. Carré Aldao.
  - A triste historia do derradeiro vinculeiro da Casa do Bao (Fornelos).
7. A mellora nas comunicación, clave para o progreso de Baio:
  - A construción da ponte de Baio (1853)
  - A construción da ponte Lodoso, na Cacharosa (1897)
  - Baio progresa no séc. XX, grazas ás comunicación e á potenciación da feira da Piroga.

### 2ª PARTE

8. Igrexa (antiga) de Santa María de Baio.
9. Igrexa (nova) de Baio.
10. Persoeiros baieses coñecidos.
11. Festas principais.
12. Patrimonio artístico e arqueolóxico, segundo o PXOM.
13. Bibliografía básica.

## 1. RELEVO

Dúas son as principais unidades de relevo da parroquia: por un lado unha pequena elevación montañosa que a separa da do Allo e por outro, o resto das terras parroquiais.

As montañas que ten polo E e que a separan do Allo non son de excesiva altitude, aínda así destacan sobre o resto das terras achanzadas das que sobresaen uns 175 m entre a cota máis alta –A Corte das Cabras (que forma parte do monte do Castelo do Allo)- e a cota máis baixa que, loxicamente, está a carón do río, preto do Mosquetín. Entre os puntos máis elevados desta cadea montañosa, que continúa en dirección N para separar as parroquias do Allo (Zas) e Borneiro (Cabana de Bergantiños), e de Borneiro e Cesullas (Cabana) destacarían, no tocante á parroquia de Baio, A Corte das Cabras (338 m), O Castelo Pequeno (335 m), os dous compartidos coa do Allo. De todos os xeitos as caídas son máis pronunciadas en dirección ó Allo que cara o lado de Baio.



Baio está protexido polo norte polo monte Castelo (foto Postales Fama, Vigo)

En Fornelos se collemos cara Coéns temos primeiro un pequeno afundimento case imperceptible que foi aproveitado polo rego de Fornelos e logo unha subida moi suave ata o Monte Pedroso (221 m), xa nos lindes co concello de Laxe.

O resto da parroquia ten un claro predominio das zonas achanzadas, se ben unha parte da localidade de Baio, na zona coñecida como Chamberín, hai tamén baixadas de certa importancia ata o fondo do val fluvial. Formaría parte do val de fondo plano que arrancaríaa, con dirección N – S, na parroquia de Treos para continuar por Tines, Vilar, Bamiro – ó S de Baio- e polo chan de Borneiro –ó norte-. A cota inferior estaría no punto onde conflúen o río do Porto, ou Grande, e o rego de Fornelos, case a rentes da aldea do Mosquetín -xa na parroquia de Salto (Vimianzo)-, onde a altitude sería de 163 m. Toda esta zona de Baio en dirección a Fornelos estaría entre eses 163 e os 190 m.



Vista parcial de Baio, desde o Campo da Feira da Piroga (foto R. Mouzo Lavandeira, ca. 2010)

## 2. HIDROGRAFÍA

O río do Porto, o río Grande da Terra de Soneira, ten moita importancia en Baio, pois, tras entrar na parroquia polo nordeste polo Regueiro do Allo (O Allo) pouco máis de 1,25 km, permanece nas súas terras ó longo de 5,1 km, os 4,3 km últimos -desde Pedra Vixía- compartidos coa veciña parroquia de Bamiro, pois serve de lindes entre as dúas freguesías polo sur e parte do oeste.

Como xa dixemos ó tratar de parroquias anteriores (Gándara, San Cremenzo, O Allo) o río do Porto ou río principal procede das fontes do leste do Píco de Meda. Antes de chegar a Baio, no seu curso medio, virá incrementado o seu caudal coas augas do pequeno río de Mira, pola esquerda. Pasa por debaixo da ponte Lodoso, da Cacharosa e, un pouco máis abaixo, tamén pola esquerda, recibe, na paraxe coñecida como Pedra Vixía -onde conflúen as parroquias de Baio, Lamas e Bamiro-, a achega do río de Zas **ou** de Lamas, o seu afluente máis longo, cun caudal moi similar ó principal.



O río do Porto pola zona do Campo de fútbol Platas Reinoso (foto XMLS)

Augas abaixo a pouco máis de quilómetro e medio recibe, tamén pola esquerda, na paraxe da Carballeira da Devesa, outro importante afluente: o río de Vilar, cun caudal similar ós anteriores, pero non chega a entrar para nada na parroquia de Baio.


Coas achegas dos seus dous máis importantes afluentes na agra baiesa pasa por debaixo da chamada ponte de Baio (construída en 1853), compartida co lugar da Piroga (Bamiro).

O único curso de auga que discorre case enteiramente polo interior da parroquia é o pequeno **rego de Fornelos** (5,7 km de longo) que ten as súas fontes a rentes da ermida do Briño (Borneiro) pasando, logo, polo medio da aldea de Fornelos, xuntándose co do Porto a rentes da aldea de Mosquetín (Salto).



Confluencia do río de Vilar co do Porto na Carballeira da Devesa (foto EDR)

### 3. XEOLOXÍA



Fonte:  
[http://info.igme.es/cartografiadigital/datos/magna50/jpgs/d0\\_G50/Editado\\_MAGNA50\\_68.jpg](http://info.igme.es/cartografiadigital/datos/magna50/jpgs/d0_G50/Editado_MAGNA50_68.jpg) e  
[http://info.igme.es/cartografiadigital/datos/magna50/jpgs/d0\\_G50/Editado\\_MAGNA50\\_43.jpg](http://info.igme.es/cartografiadigital/datos/magna50/jpgs/d0_G50/Editado_MAGNA50_43.jpg)

*Convén aclarar que o mapa que figura aquí a carón está tomado de dúas follas distintas: a N<sup>o</sup> 43 e a N<sup>o</sup> 68, a escala 1:50.000 e que as cores van ser distintas mesmo para o mesmo tipo de materiais. Neste caso o que vai identificar eses materiais será o número, non a cor.*

#### Litoloxía

Comezando polo E temos unha banda ancha (1) formada por ortogneis biotítico, segundo figura na folla 68 ou ortogneis blastomilonítico con anfíbol (folla 43) en ambos casos aparece representado polo símbolo  $NY^1_b$ . Trátanse de rochas plutónicas do Precámbrico ou do Cámbrico que se formaron a partir do magma do interior da corteza e quedaron á vista pola erosión dos materiais que tiñan por enriba. Corresponderíanse coas maiores altitudes da parte NE da parroquia. Preto da Cacharosa asoman dous ínfimos lentellóns de anfíbolitas

Na zona que rodea ó núcleo de Baio e prolongándose cara o S aparece un afloramento (2) de granodiorita biotítica, tamén rocha plutónica, de época tardihercínica.

Ó norte da anterior e nunha franxa moi estreita, (3) ó E de Fornelos aparecen xistos e paragneiseis con algunhas paranfibolitas intercaladas, de época precámbrica ou cámbrica pertencentes ó Complexo de Noia ou Fosa Blastomilonítica.

Polo O destas dúas bandas aparecen novamente (4) os xistos e paragneiseis con intercalacións de paranfibolitas do Precámbrico – Silúrico pertencentes ó dominio migmatítico e das rochas graníticas do grupo de Laxe.

Xa no extremo NO da parroquia, entre Fornelos e Coéns que se corresponde cos montes que separan as dúas aldeas (5) hai granitos de dúas micas de grao medio a grosso lixeiramente orientado que se correspondería con afloramentos graníticos de época hercínica.



Finalmente, ás dúas beiras do río do Porto e do de Fornelos (6) hai abundantes depósitos aluviais e de fondos de valgada do Holoceno na era Cuaternaria.



O río de Zas desemboca no río do Porto pola área recreativa de Pedra Vixía, en terras de Baio (foto Xan Fernández Carrera)

## Tectónica<sup>1</sup>

En Baio, ó igual que en case todas as parroquias do concello a estrutura xeolóxica manifestase en bandas orientadas de N a S como consecuencia do pregamento Herciniano, que aportaba unas forzas tanxenciais de E a O polo que as formas de relevo predominantes van ter esa orientación N –S perpendicular ás forzas de empuxe oroxénicas. Formaría, ó igual que case todas as terras do concello de Zas da chamada Unidade Malpica – Tui que é unha banda lonxitudinal de entre 4 e 9 quilómetros de ancho que segue a dirección dos meridianos.

Estaría na zona de contacto entre dúas grandes masas continentais Laurusia e Gondwana que cando confluíron darían orixe ó grande continente de Panxea. Nesta zona de contacto os materiais de Gondwana subducirían – meteríanse debaixo- nos de Laurusia. Sen embargo os materiais que hai na parte meridional da parroquia –especialmente nos afloramentos rochosos da zona de Pedra Vixía- formarían parte dos granitoides variscos ou hercínicos. Serían materiais autóctonos que quedaron ó descuberto por erosión e desgaste dos materiais que tiñan por enriba. Terían por tanto a mesma orixe que os materiais graníticos do cordal de Pico de Meda. Do mesmo xeito que terían esta mesma orixe os que se atopan no pequeno outeiro que ten na parte NO da parroquia entre Fornelos e Coéns –Sarces, Laxe-, na zona do Monte Pedroso.



<sup>1</sup> Agradecemos ó profesor Antonio García Losada a súa colaboración neste apartado

## 4. DEMOGRAFÍA

A evolución demográfica da parroquia de Baio foi como segue: 45 veciños (1607), 82 vec. e 316 hab. (1753), 64 vec. (1769), 82 vec. e 374 hab. (1791), 44 vec. e 207 hab. (1836), 48 vec. e 297 hab. (1845), 719 hab. (c. 1928), 212 vec. e 1120 hab. (1965).

Ó longo do século XX a evolución das súas aldeas e do conxunto parroquial e municipal foi o seguinte:


	1900	1910	1920	1630	1940	1950	1960	1970	1981	1991	1996	2000
Agreanas (A Braña)				3	6	6	26	24	26	25	24	21
Baio	404	469	470	495	501	627	563	673	681	817	885	884
Baio Pequeno	65	42	61	48	82	76	120	152	165	129	118	111
Cacharosa (A)		36	63	60	118	96	89	213	152	116	117	102
Fornelos	181	174	191	213	231	267	283	169	232	216	201	189
Outros	27	9	8									
PARROQUIA	705	726	872	819	986	1.072	1.081	1.231	1.226	1.303	1345	1.317
% PARROQUIA	100	103	123,7	116,2	139,9	152,1	153,3	174,6	173,9	184,8	190,8	186,8
ZAS (CONC.)	5733	5347	6272	6275	7747	8004	8098	8471	7285	6560	6508	6212
% CONCELLO	100	93,26	109,4	109,4	135,2	139,6	141,3	147,8	127,1	114,4	113,5	108,4

Evolución da poboación dos distintos lugares, da parroquia e do concello en conxunto ó longo do século XX así como as porcentaxes tanto da parroquia como do concello. Ano 1900 = Índice 100%

No tocante á evolución demográfica operada nos anos que van do século XXI, así coma o total municipal e as porcentaxes en relación co ano 2001, tanto da parroquia coma do concello de Zas e, tamén da parroquia en relación co ano 1900, foi a seguinte:

	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
Agreanas (A Braña)	20	19	21	21	21	20	20	20	17	17	15	16	15	15	15	13	13
Baio	887	895	883	882	870	858	844	839	823	834	832	832	835	840	837	819	827
Baio Pequeno	114	113	108	101	108	103	105	107	112	111	110	107	105	102	99	105	105
Baio + Baio Pequeno	1001	1008	991	978	978	961	949	946	935	945	942	939	940	942	936	924	932
Cacharosa (A)	102	96	95	96	93	94	92	90	85	85	87	85	81	79	78	76	76
Fornelos	204	204	201	194	196	194	187	185	182	177	173	175	173	169	170	167	169
BAIO	1327	1327	1308	1294	1288	1269	1248	1241	1219	1224	1217	1215	1209	1205	1199	1180	1192
Porcentaxe %	100	100.	98.6	97.5	97.1	95.6	94.1	93.1	91.9	92.2	91.7	91.6	91.1	90.1	90.3	88,9	89,8
CONCELLO	6160	6082	5978	5867	5780	5674	5549	5459	5385	5295	5219	5109	4983	4902	4846	4756	4671
Porcentaxes %	100	98.7	97,0	95,2	93,8	92,1	90,1	88,6	87,4	85,9	84,7	81,4	80,8	79,5	78,6	77,2	76,3
(1) PARROQ.	188,2	188,2	185,5	183,5	182,7	180	177	176	172,9	173,6	172,6	172,3	171,5	170,9	170	167,4	169,1

Evolución da poboación das distintas aldeas, da parroquia e do concello en conxunto ó longo do século XXI así como as porcentaxes tanto da parroquia como do concello. Ano 2001 = Índice 100%. (1) A porcentaxe é só para a parroquia e está tomada con relación ó ano 1900



### Evolución do poboamento da parroquia e de todo o concello desde o 2001, en porcentaxes

Á vista dos datos anteriores habería que facer algunhas apreciacións:

Baio non escapa á tendencia xeral de perda de habitantes nos últimos anos, pero amosa diferencias claras con relación a todas as demais:

- Case todas elas acadaron o pico demográfico na década dos anos 60 ou dos 70 do séc. XX, algunhas incluso na dos 50; no caso de Baio a poboación estivo en continuo aumento desde principios do séc. XX (tal como o apreciaba E. Carré Aldao en 1928, como veremos máis adiante) ata 1996 en que acada o máximo volume demográfico.
- A partir desa data iníciase un descenso paulatino, moito máis suave có das demais parroquias do concello de Zas (só un 10,1% menos, cando en moitas outras sobrepasa o 30 e mesmo o 40%). Na gráfica pode verse a comparación da evolución da parroquia en relación co conxunto do concello.
- Foi a parroquia que máis aumentou no seu número de habitantes ó longo do século XX, tanto é así que en 1996 tiña case o dobre que a comezos de século (un 90,8% máis).
- Case todas as outras parroquias teñen menos habitantes na actualidade que en 1900; no caso de Baio ten un 67% máis.
- Os datos do núcleo de Baio aínda hoxe no nomenclátor aparecen desglosados en Baio Grande e Baio Pequeno, pero dado que na realidade os veciños non adoitan falar de Baio Grande, anque sí a de Baio e Baio Pequeno, na táboa correspondente ó que vai deste século van primeiro desglosados e, logo, en conxunto e en negraña; mentres que no que se refire ó século XX van diferenciados.
- Esta maior resitencia á perda de poboación ou ó seu aumento en datas pasadas pode ser debido -a pesar de que sufriu, coma calquera outra parroquia galega, a sangría da emigración ó estranxeiro-, ó *relativo progreso* desta parroquia desde principios do século XX. Dous foron elementos que potenciaron este progreso de Baio: a feira mensual (que se celebra na Piroga (Bamiro), aínda que nos últimos tempos a maior parte dos postos ambulantes pasaron a ponte e están en territorio baiés, e a apertura das estradas procedentes da Coruña e Santiago, que confluíron nesta vila.



## 5. TOPONIMIA: A ORIXE DOS NOMES DE LUGAR DE BAI0

**Baio:** o erudito local Francisco Romero Lema e o catedrático de latín da USC, Abelardo Moralejo Laso (1977: 63), recollendo a opinión de Ramón Menéndez Pidal, consideraban posible que a forma Baio procedese do antropónimo ou nome persoal latino latino \**Badius*, hipotético señor destas terras na época romana.

Por outra parte, hai quen opina que a orixe do nome da vila haxa que busca no río e, concretamente, no lugar onde se construíu a ponte chamada de Baio, zona non moi fonda que permitía pasar a corrente fluvial facilmente, vadeala: deste xeito, o topónimo procedería do lat. \**vadu* 'vado' que primeiramente daría a forma \**vao*, e despois aparecería no medio un -i- epentético. De feito, en documentos antigos dos séculos XV, XVI e principios do XVII aparece grafado con V- (por exemplo, no testamento de Urraca de Moscoso, de 1498, e na visita de Jerónimo del Hoyo, 1607). Así e todo, esta hipótese tampouco está probada. Da dificultade da etimoloxía deste topónimo expresábo nun artigo de 1991 o ilustre latinista (xa falecido) Isidoro Millán González-Pardo<sup>2</sup>, con estas palabras: “De Baio non lle comunico nada<sup>2</sup>. Teño varias hipóteses in pectore. Ningunha gañou polo de agora o meu asenso” (MILLÁN GONZÁLEZ-PARDO; 1991).

Non obstante, observamos que as grafías destes séculos varían moito, dada a inseguridade ortográfica da época, e o nome da parroquia ás veces aparece nun mesmo texto con B- e con V-, con <y> e con <i>.

Non hai ningún outro Baio en Galicia; si hai un Bayo en Asturias (preto de Pravia) e outro en Zaragoza. Tampouco está emparentado, como se puidese pensar, con Baiona (Pontevedra), pois este foi un topónimo imposto polo rei Afonso VIII de Galicia e León (IX para a historia española oficial) na carta foral do ano 1201; seica o monarca tomara o nome da Baiona gascona (na Francia actual), que lle gustaba máis có de Erizana, que era o que tivera a vila ata ese momento (Navaza Blanco 2016: 130).

**1425:** no documento máis antigo que rexistramos, a Acta do dote de dona Xoana de Castro deste ano, outorgada polo seu tío D. Fadrique, duque de Arjona e conde de Trastámara para que case con D. Rodrigo de Moscoso, figura **Bayo** entre os lugares que forman parte da doazón:

«Primeramente el lugar de Sant Johan de Borior [Borneiro?] e **Santa Maria de Bayo** e San Martin [sic: é San Mamede] de Baamir[o], e el lugar de Santa Maria de Salto e Sant Miguel de Treos, e el lugar de Sant Vicenç de Bimianç e el lugar de San Johan de Ca[m]beda ...» (García Oro / Portela Silva 2003: 524).

**1452:** nun manuscrito do notario Vasco Gómez, do arquivo privado de María Camiño Agra, redactado en galego, altéranse as formas **Bayo** e **Baio** (Lema Mouzo, 2017). Falaremos del un pouco máis adiante.

**1458,** nun documento solto do Arquivo da Casa de Altamira, redactado en galego, sobre o “Repartimento da provincia de Vimianç”, a forma que aparece é **Santa María de Bayo** (García Oro / Portela Silva 2003: 330). Trátase do primeiro documento que rexistra os nomes e apelidos de 14 veciños da parroquia. Transcribímolo ó completo máis adiante.

---

<sup>2</sup> Fai referencia a unha carta enviada previamente a X.M<sup>a</sup> Lema, que lle fixera a consulta.

En 1498, no testamento de D<sup>a</sup> Urraca de Moscoso, señora do porto de Laxe e tía do primeiro conde de Altamira, redactado nun castelán aínda moi galeguizado, a forma que se rexistra, en dúas ocasións, é **Vayo**:

«Iten mando que des que la iglesia de Santa Maria del Atalaya, que se llama de la Esperança, que es en el mi puerto de Laje, fuere acabada como mi señora madre<sup>3</sup> mandó, que las siete fanegas de trigo de fazenderas que se deven en **Vayo** que se den a este monesterio de Santo Domingo de Santiago, e que los flaires del dicho monesterio sean obligados a enbiar al dicho puerto un flaire segund que mi señora madre mandó en su testamento» (García Oro / Portela Silva 2003: 100)

«Iten mando que enbien un romero desde mi puerto de Laje a la hermita de Santa Maria de Monte Toran, que es cerca de **Vayo**, e que hagan diser una misa» (García Oro / Portela Silva 2003: 104).



No Campo do Rollo situáronse as Escolas Agra Regueiro (1954) e a nova igrexa parroquial (1985) [foto XMLS]

---

<sup>3</sup> A súa nai era Xoana de Castro, esposa de Rui de Moscoso.

Contra **1530**, en papeis soltos aparecen as Merindades da Casa de Altamira coas súas rendas aparecen as obrigas dos vecinos de Baio cos condes de Altamira. Aparece dúas veces a forma **Vayo** e cinco **Bayo**:

“(…) Solian deber a su señoría çiertos casares çiertas fazendeyras y mandolas la señora doña Orraca a Santio Domingo de Santiago, que heran por la medida vella sete faneygas, que poden ser por la medidanueba seys faneygas.

Declaró Juan Martis de **Vayo** que jazian en el lugar de **Vayo** en Catasol, que de la parte de la travesya jaz a lo largo del casal de Alonso de **Bayo**, e de la parte del nordes bay una riba por entre este terreo e Basco de **Bayo**, e de la parte del soao vay un terreo de los de Castro, e llevara de sementadura tres ferrados de trigo, e traxolo mucho tenpo Alonso de Lema de Vayon.

Declaró mas el dicho Juan Martis que oyerá desir a Pedro Crespo de Fornelos e a Pedro do Brivon de **Bayo**, bedranas, que Rebeyrugas non pasaba desde la fonte de Juan Amigo para la costa de Mosguetin e que Garcia Amado labrava una desde la dicha fonte para Mosguetin (…)” (García Oro /Portela Silva 2003: 321).

Entre os vasalos do conde de Altamira (c. 1530) , na merindade de Laxe, nos papeis soltos aparecen “Alonso de Lema de **Bayo**, mediano, V reales” e “Gomez de **Bayo**, VI reales” (García Oro / Portela Silva 2003: 327)

No Arquivo da Catedral de Santiago (ACS) hai varios documentos referidos a Baio ou a veciños da parroquia. Xa están todos eles redactados en castelán, coa caótica ortografía da época na que bailan <b> e <v>, <y> e <i> e as maiúsculas e minúsculas van como cadra. Son documentos de 1530 a 1600: revisamos unha serie deles, correspondentes ós anos 1566, 1569, 1570, 1572, 1589, 1592, 1593; en todos eles a referencia á parroquia é “**santa Maria de bayo**”, co <y> e con minúscula. Unicamente un de 1570, que fai referencia ás parroquias de “**lamas y vayo** que en tierra de Soñera” aparece con <v>. Noutros documentos alternan Soneira e Soneyra.

En **1607**, o visitador Jerónimo del Hoyo escribe: “**Santa Maria de Vayo**, anexo de Santa Maria de Lamas”.

En **1632**, nun preito do convento de San Domingo de Bonaval de Santiago polo chamado Foro das Facendeiras contra os veciños baieses, aparece “**Sta. M<sup>a</sup> de Bayo**”. Transcribímolo máis adiante.

Nos documentos do séc. XVII do Arquivo Familiar dos Rioboo (AFR) do Allo a forma maioritaria é **Vayo**:

**1644 e ss**: “Fue cerrando desde junto a dichos Molinos del Allo donde se alla un Marco antiguo junto al riego que divide las felegresias de **Santa Maria de Vayo** de la de San Pedro do Allo (...) asta pasar la puente lodoso (...) y términos de dicha feligrasía de **Vaio** (Sánchez García 2001: 185)

**1698**: preito do señor do Allo, D. Gómez de Rioboo, co señor de Carantoña, D. Pedro Álvarez, polos dereitos de pesca do río do Porto. Segundo D. Gómez, este río producía “reos y salmones que suben hasta más arriba de la puente que se dize de **Vayo**” (Sánchez García 2001: 216).



**1719:** Testamento de Gómez de Rioboo Seixas y Villar de Francos:

“[testigos] Alonso Amado y Francisco Sanchez, su hijo, vecinos de la de **Santa Maria de Bayo**. (...)

Y yo el dicho Andres Vermudez de Soto, escribano del Rey Nuestro Señor, vezino de la feligresia de **Santa Maria de Bayo**” (Sánchez García 2001: 348).

**1753:** no Catastro do marqués de Ensenada **Baio** é a forma maioritaria (aparece así en 14 ocasións), fronte a Bayo (5) e Vaio (1).

**1847:** no Dicionario de Pascual Madoz a forma que figura é **Baio**, que se vai repetir ó longo do séc. XX (Carré Aldao ca. **1928**) e nos nomenclátoreos oficiais ata que a Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia oficializou a forma **Baio** a finais desta centuria.

--- o ---

**Baio Pequeno** é un topónimo referencial que naceu por contraposición con Baio.

Aínda que figura no citado *Diccionario* de Pascual Madoz, o lugar de Baio Grande non existe; o erudito Francisco Romero Lema deixouno ben claro nos seus escritos: “En algunos mapas de la provincia se pone Bayo Grande donde es Bayo, y Bayo donde es Bayo Pequeño, lo cual no está bien. (...) De los libros y recibos de la Telefónica debe desaparecer Bayo Grande, pues debe figurar solamente Bayo. (...) Bayo Pequeño es de uso constante; Bayo Grande, no. Nadie dice: voy a Bayo Grande, sinó: voy a Bayo” (F. Romero Lema: *Toponástica* s/d).



**Agreanas** e **A Braña** son dous nomes para un mesmo lugar. **Agreanas** procedería, segundo F. Romero Lema, de “Agra de Eanes”, é decir, a propiedade dun señor medieval apelidado Eanes, apelido que deriva do nome propio latino *Iohannis* ‘Xoán’. **A Braña** procede do latín vulgar *\*veranea* ‘pastos de verán’, e fai referencia a un prado con humidade constante.

**A Cacharosa:** segundo F. Romero Lema este lugar debe o seu nome a que a súa primeira casa “fue una casa de planta baja a la que se le llamó ‘cacharosa’, que es lo mismo que ‘casucha’. (...) Ahora se dice Cacharosa”. Don Paco Romero recolleu por vía oral o testemuño de que o construtor desta primeira casa fora, José Outeda, contra 1860 (segundo o fillo deste, Manuel Outeda, que nacera nela en 1861). Seica foi a primeira que se fixo á beira da estrada xeral da Coruña a Corcubión e Fisterra, que se acababa de abrir.


**Fornelos** provén dunha forma antiga (seguramente un diminutivo) derivada do lat. *furnus* 'forno, concavidade', que non fai referencia propiamente a ningún forno de cocer, senón probablemente a sepulturas pétreas antropoides, polo tanto, con forma de fornos; aínda que tamén pode facer referencia a varias antas ou dolmens, pois os montes deste lugar son abundantes en mámoas, continuación das existentes no Chan de Borneiro (a tan só un par de quilómetros queda o famoso dolmen de Dombate, denominado popularmente A Fornella de Vilaseco).

Aínda que son máis ben rueiros ou barrios que lugares propiamente ditos, están recoñecidos oficialmente O Chamberín, O Campo do Rollo e Su a Agra. Nesta relación faltaría O Rueiro da Cancela.

**O Chamberín:** Romero Lema escoitou decir que a orixe deste nome se debeu a un emigrante baiés en Madrid, que lle puxo este nome a imitación do barrio de Chamberí madrileño. Para o investigador fornellan Ramón Romar López, Madrid debeu ser o primeiro destino migratorio dos vecinos de Baio, particularmente de Fornelos; polas súas investigación, entre 1778 e 1885 polo menos 17 baieses estiveron traballando en Madrid (sobre unha poboación de arredor de 600 hab) [Romar López ca. 2011: s/p].

**O Campo do Rollo,** situado nunha parte alta do centro de Baio (onde se construíron en 1954 as escolas Agra Regueiro), debe o seu nome a que quizais houbo nel unha picota ou poste de castigo para reos da xustiza xurisdiccional.

**Su a Agra** vén do latín *sub illa agra* 'debaixo da agra, ó pé da agra'; a preposición latina *sub* fai referencia a un lugar que está debaixo ou ó pé do que se expresa, neste caso a agra baiesá.



## 6. BAI0 NOS DOCUMENTOS HISTÓRICOS

### Séc. XV: os primeiros baieses de nome coñecido en dous documentos en galego

Casualmente os dous primeiros documentos nos que constan os primeiros veciños de Baio de nome coñecido están redactados en galego, o que demostra, unha vez máis, que na Idade Media o noso idioma tamén se utilizaba con toda normalidade na redacción de documentos oficiais e privados.

Do primeiro deles, do ano **1452**, durante o reinado de Henrique IV de Castela, só temos información parcial a partir da publicación nun medio de comunicación (o xornal dixital *Adiante Galicia* 20/08/2017) da noticia de que se localizara nun arquivo particular de Baio, de María Camiño Agra, un manuscrito en galego datado neste ano. O documento redactouno Vasco Gomes Varela, escribán público “do noso señor el rey (...) estando no lugar de Bayo” e todo parece indicar que se trata -na opinión do redactor desta noticia (Rafael Lema), que se trata dunha pauliña, “una especie de carta de excomuniación o apercibimento de ‘preytos’ a vecinos para descubrir lo que se sospecha que ha sido robado o usurpado”. Ademais dunha serie de bens non só de Baio, senón de parroquias soneirás (O Allo, Brandomil, Cambeda...), cítanse varios vecinos baieses, “moradores da feegresia de Santa Maria de Bayo”, coma “Fernán Bello, J. de Sobrado, Jacome Rodriguez, don Peerfeuto Fernandez, Afonso de Agranova, Johan Vidal, Johan de Baio, Domingo do Allo, Tomé Fins.” (Lema Mouzo, R. 2017).

Ademais do notario, estes baieses son os primeiros de nome coñecido dos que temos noticia.

De tan só seis anos máis tarde (**1458**) data un documento solto do Arquivo da Casa de Altamira no que aparecen os nomes doutros 14 veciños de Baio de mediados do séc. XV. A parroquia de Baio era subsidiaria de xurisdición de Vimianzo, que desde 1425 pertencía á poderosa familia dos Moscoso, que a finais desta centuria se titularían condes de Altamira, pero na data da redacción do documento, 1458, aínda non o eran. O xefe da Casa de Altamira, Rui de Moscoso, morrería este mesmo ano e sería substituído polo seu fillo Bernal Eáns de Moscoso. As relacións dos Moscoso cos arcebispos de Santiago eran violentas.

#### «**Repartimento na provincia<sup>4</sup> de Vimianço**

Este he o repartimento dos dous mil e duzentos maravedís que a provincia de Vimianço ha de pagar o ano de mill e quatrocentos e cincoenta e oytos anos, os quoes foron repartidos por mandado e consentimento dos moradores de duita provincia a as cinco freegrias de Soneira que para elo foron chamadas a o campo de Vimianço, consentiron eno postor que tiñan que hera Fernan de Ribadulla e forraronno que non fose en repartimento at as tres freegrias de Vimianço, consentiron en Afonso Diaz e en Afonso Mouriño, os quoes se juntaron todos tres e fezeron este repartimento home por home.»

«SANTA MARIA DE BAYO

**Afonso de Castineira**, triinta maravedís, XXX maravedís

**Johan Garcia do Costado**, quinze maravedís, XV m.

**Fernan Vello**, viiente e dous maravedís, XXII m.

**Pedro de Chex** [Cheis?], dez e oytos maravedís, XVIII m.

**Afonso de Bayo**, viinte maravedís, XX m.

**Afonso d'Espasande** viinte e dous maravedís, XXII m.

**Gonçalvo Vello**, dez e seis maravedís, XVI m.

**Pero do Briño**, viinte e dous maravedís, XXII m.

**Afonso Vidal**, viinte e cinco maravedís, XXV m.

**Gonçalvo de Fornelos**, viinte e tres maravedís, XXIII m.

**Juan Fernandes**, viinte e sete maravedís, XXVII m.

**Afonso Branquo**, triinta maravedís, XXX m.

**Juan Rodriguez**, viinte e seis maravedís, XXVI m.

**Pero de Bayo**, viinte e cinco maravedís, XXV m.

Suma CCCXXI maravedís.»

(García Oro / Portela Silva 2003:

Con respecto á listaxe anterior, só se repite o nome de Fernán Vello e algúns apelidos. Estes son os nomes de 14 veciños de Baio e das cantidades que tiñan que pagarlle á casa de Altamira. Veñen a continuación os nomes dos veciños doutras parroquias que estaban no mesmo caso: Borneiro, Baamiro (sic), Salto, Treos, Vimianço (sic), Canbeda (sic) e Castrelo 330 e ss).

Obsérvese a vixencia de nomes galegos -para que algún digan que é unha moda de agora!- coma Afonso (5 en total), Johán (en cambio, dous Juan en castelán), Fernán ou Gonçalvo. Hai apelidos patronímicos (García, Fernandes, Rodríguez) e toponímicos, precedidos estes por preposicións: de Castiñeira, de Chex (quizais Cheis), de Fornelos ou de Bayo. A non ser o Castiñeira, os outros tres non teñen uso hoxe en día.

---

<sup>4</sup> *Provincia* non tiña o valor que ten na actualidade; debe referirse a *xurisdición señorial*, da que foi cabeza Vimianzo.

## O Foro das Facendeyras, unha carga feudal imposta ós vecinos de Baio durante 500 anos (1498-1901)

No testamento de dona Urraca de Moscoso (1498), vimos como uns vecinos de Baio tiñan obriga de levar sete fanegas de trigo ó mosteiro de San Domingos de Bonaval de Santiago para os frades, e que estes, en contrapartida, tiñen que enviar a Laxe un dos frades dominicos, suponse que para predicar.

Mais, que era iso do Foro das Facendeiras? Trataremos de resumilo da maior maneira posible seguindo a explicación que nos dá **Xosé M<sup>a</sup> Méndez Doménech**, que o investigou a fondo na documentación inédita do arquivo da súa Casa dos Calzada de Quintáns de Treos (Vimianzo).

A primeira nova que se ten deste foro remóntase ó ano 1427. Seica D. Fadrique Enríquez de Castro, conde de Trastámara e duque de Arjona, tiña o dereito de cobrar anualmente de todos os vecinos de Santa María de Baio tres cargas e media de Trigo? “por mor duns casais”. Pero anos máis tarde uns veciños marchan fóra, outros chegan... e xurdiron liortas entre os vecinos baieses pola parte que lles correspondía a cada un no pagamento das tres cargas e media de trigo. Chegou a haber un preito.

Durante 71 anos nada se sabe deste foro, ata que, polo testamento de Urraca de Moscoso (1498), dedúcese que formaba parte do seu patrimonio e que proviña do da súa nai, D<sup>a</sup> Xoana de Casto, que o recibira en dote do seu tío D. Fadrique.

No seu testamento do 28-10-1498 Urraca de Moscoso un legado -a renda de tres cargas e media anuais de trigo a pagar polos vecinos de Baio- ó convento de San Domingos de Bonaval de Santiago coa obriga de que este o prior deste mosteiro enviase anualmente un dos seus frades á igrexa parroquial de Laxe, que daquela estaba en reconstrucción. Falecida don Urraca dous días despois, o convento compostelán entrou en posesión do legado.

Méndez Doménech asegura que a posesión do legado do convento de San Domingos non foi nada tranquila, pois os vecinos de Baio para nada quedaron conformes e preitearon durante séculos.



Dona Urraca de Moscoso, que habitou a Casa do Arco de Laxe, impúxolles ós vecinos de Baio un foro que durou 400 anos (foto Vidal)

«Fray P<sup>o</sup> de Santa M<sup>a</sup> Pr<sup>o</sup> del Combento de St<sup>o</sup> Domingo de Buenabal Estramuros desta ciudad [de Santiago] digo que ante el Alcalde mor de Altamira se litigo un p[lei]<sup>10</sup> entre dho Combento y los vez<sup>os</sup> de la fi<sup>a</sup> de S<sup>ta</sup> M<sup>a</sup> de Bayo sobre tres cargas e m<sup>a</sup> de trigo que se nombran las façendeyras legato a favor de dho Combento la Señora Condessa de Altamira y se le pagaban por unos casares que dha fi<sup>a</sup> tenia y trahian los vez<sup>os</sup>... della. Los quales por sentencia que dho Alcalde Mayor dio en dho p[lei]<sup>10</sup> fueron condenados a pagar a dho Combento dicha renta que passo en cosa juzgada y della se despachó. (...).»

En 1632, por desacordos dos veciños baieses sobre o reparto do foral, orixínase un preito perante a xurisdición de Altamira entre o convento, que reclama o pagamento, e os veciños de Baio. O 12-08-1632 dítase sentenza contra a veciñanza baiesa, que reclama, pero o Tribunal Superior territorial confirma a sentenza o 5-03-1666. Por certo, que asistimos á evolución do sistema de medidas, pois as vellas tres cargas e madia pasan a ser agora sete fanegas.

O 25-03-1823 os pagadores tentaron un xuízo conciliatorio co convento compostelán para que se declarase a orixe no dereito feudal. Aínda estamos no Trienio Liberal e os veciños confiaban en que as novas leis derrogarían as do Antigo Réxime. Non houbo solución, pois axiña volvería o absolutismo monárquico.

A reclamación repetiuse en 1848 contra o Estado. Lembremos que estaba recente a desamortización dos bens eclesiásticos promulgada polo ministro liberal Álvarez Mendizábal (1836). A Xunta Superior de Vendas de bens desamortizados declarou a renda como foral e mandouna poxar. Rematouna o político moderado Juan Ferreira Caamaño, da Casa de Xora (Treos) o 9-05-1848. Novo cambio de medidas: as sete fanegas pasan a ser agora 42 ferrados.

Cos liberais conservadores nada cambia: só os donos, que dos frades pasan a ser os burgueses ou os fidalgos aburguesadas. Ferreira Caamaño véndelle o dereito ó seu sobriño político Joaquín Doménech Calzada (Quintáns de Treos). Nun xuízo celebrado en no xulgado municipal de Zas os veciños de Baio saen condenados a pagar, cousa que se confirma coas costas no xulgado de Corcubión en 1857.

A cousa quedou tranquila nunha década, ó cabo da cal os veciños deixaron de pagar; Joaquín Doménech Calzada denunciou e gañou o xuízo en Corcubión en 1876. Os de Baio apelaron, pero volveron perde-lo nun novo xuízo, celebrado en 1878.

O foro continuou, e os veciños de Baio non se amilnaron e seguiron coa loita de liberarse do seu pagamento. Houbo polo menos outros dous xuízos en Zas (1883 e 1884), pero os xuíces seguiron estando cos señores.

Para a veciñanza de Baio o conflito rematou por fin a finais de outubro de 1901 cando o fillo primoxénito de Joaquín Doménech Calzada, Joaquín Doménech Costa, redimiu o foro. Disque ese día foi de festa rachada en Baio, con gasto de pólvora como non se recordaba (Méndez Doménech 2001).

En suma, que durante 400 anos un sistema de extracción de renda, a pesar das continuas protestas dos obrigados pagadores, pasou da alta aristocracia á Igrexa, desta ó Estado, deste á fidalguía rural, desta á burguesía ascendente e desta, nunha nova reviravolta, novamente á Igrexa (pois Máxima Doménech, descendente do que mercara o ben desamortizado, seguiu pagando un frade misioneiro a Laxe ata 1930).

A chamada facendeira era unha prestación persoal do mundo feudal-vasalático. En tempos medievais consistía en dar un día ou máis de axuda en ocasións extraordinarias de traballo ós señores en sementar, labrar, segar, trillar, cavar as viñas, vendimar etc. A partir de 1427 esta primitiva prestación feudal foi protestada e transformouse nunha pensión anual, unha renda, que é a que consta na documentación do arquivo da Casa da Calzada de Treos.

Segundo os documentos, “el foral de Facenderas de 42 ferrados de trigo que pagaban en la casa de Treos todos los veciños de Bayo, Fornelos e Bayo Pequeño, siendo pagadores todos los que tenían casa donde se hiciese fuego” (Arquivo da Casa dos Calzada).

Segundo Méndez Doménech -descendente de Joaquín Doménech- todo parece indicar que os veciños de Baio tiñan toda a razón cando nos seus preitos do séc. XIX alegaban que os 42 ferrados de trigo das Facendeiras eran un dereito señorial ou feudal e non un foro, e que, polo tanto, estaban abolidos pola extinción dos señoríos xurisdicionais. Historicamente era así, pero os xuíces interpretaban a lei doutro xeito e os tribunais sempre fallaron en contra dos pagadores, dos máis débiles.

### **1592: Servizos de carácter feudal dos baieses co conde de Altamira**

Na medida en que a parroquia pertencía á xurisdición de Vimianzo, do dominio do conde de Altamira (que a gobernaba desde a fortaleza de Vimianzo por medio dun delegado seu, o meiriño da torre) os veciños de Baio tiñan co seu señor as seguintes obrigas:

«Los vecinos que al presente son e los que fueren de aquí adelante e se vinieren de otras partes a vivir a esta feligresía están obligados a pagar la luctuosa que es la mejor cosa de cuatro pies que del difunto quedare.

Correr e montar de San Juan a San Juan el lobo, cual lo maten cual no lo maten pagar un carnero de un año o real e medio por el.

Pagar cada año diecisiete reales de pedido.

Pagar el novao de las estibadas que hacen en los montes del Conde, de nueve manojos uno.

El colleitio o mostrenco que anduviese descaminado es del Conde.

Los que no son peones lanceros ir ayudar a cerrar el Curro de Sta. Cristina y los que son peones ayudar a llevar el ganado al Curro y correr el monte para que no quede en ellos ningún ganado.

Asi mismo llevar el pan a la ... ? de Fornelos o Baio a la eira donde el Conde o sus arrendadores lo pusieren i aiudalo a enmendar, cobrir e majar e beneficiar e anles de dar de comer.»

(documento transcrito por D. Juan López Bermúdez).



Castello de Vimianzo, cabeza da xurisdición de Vimianzo, á que pertencía Baio e a maior parte da Terra de Soneira (foto R. Mouzo)

Chama tamén a atención que os de Baio tivesen que pagarlle ó conde un carneiro, matasen ou non o lobo (noutras parroquias só se non o mataban). Nesta parroquia non pagan as viúvas, e os peóns teñen que ir ó curro de Santa Cristiña, na parroquia de Berdoias, pero non ó de Camelle, que tamén pertencía ós de Altamira. Non se fala tampouco de que os peóns lanceiros tivesen que acompañar ó conde ou ó seu meiriño de Vimianzo o día de santo Adrián.

### **Ano 1607: a descrición do visitador pastoral J. del Hoyo**

Como características xerais para todo o arciprestado de Soneira, do que Baio forma parte dinos o seguinte:

«Este açiprestazgo [de Soneira] es casi todo montañas. Tiene muchos ríos y muchos pantanos. Tiene mucho ganado de mulas, yeguas y vacas. Cógese en él mucho trigo más que centeno y cantidad de mijo. Caye en este açiprestazgo un puerto de mar que es la villa de Lage, la qual es de los Condes de Altamira.»

«**SANTA MARIA DE VAYO, ANEXO DE SANTA MARIA DE LAMAS:** Esta felegresía tiene quarenta y cinco feligreses. Los frutos se hazen ocho partes: una y un dezmero la cura y las siete por sincura patrimonial

doña Elvira de Lovera, viuda del doctor Gutieres, abogado de La Coruña. Vale la parte del retor, con el anexo, quarenta cargas de todo pan. Presentación de Diego Alvarez de Sotomayor. La fábrica tiene de renta honçe ferrados de trigo.»

### **Ano 1753: Interrogatorio do Catastro do Marqués de Ensenada**

O día 4 de xuño de 1753 o subdelegado de "la Real Unica Contribución, don Pedro Alonso de Arredondo, reuniase na Ponte do Porto cos mordomos pedáneos e peritos informantes de varias parroquias da Terra de Soneira. Estábase levando a cabo -entre 1750 e 1754- unha macroenquisa nas 22 provincias que compoñían a Coroa de Castela (da que formaba parte o Reino de Galicia), encamiñada a coñecer o produto anual obtido nas diversas actividades -agricultura, gandería, industria, comercio-, así como as rendas que percibían os súbditos. Trátase do que despois vai ser coñecido como **Catastro do Marqués de Ensenada**, debido a que esta enquisa fora promovida por este ministro de Fernando VI para acabar co caos fiscal característico dos reinos englobados na Coroa de Castela. Non se pode asegurar que os datos deste Catastro sexan de todo fiables, pero contribúen a darnos unha boa visión da economía e da veciñanza dos nosos antepasados de hai case 250 anos.

Na xuntanza da Ponte do Porto estiveran presentes os mordomos de Berdoias, Laxe, Gándara, Nande, Treos e Baio, parroquias que daquela -no chamado Antigo Réxime (o anterior á reforma liberal de 1833)- formaban parte da xurisdición de Vimianzo e da provincia de Santiago.



A Casa de Varela conserva formas arquitectónicas de pazo fidalgo, anos 90 (foto Fuentes)



Estes eran os seus lindes:

«La feligresía de **santa Maria de Baio** tiene de L [levante] a P [poñente] medio cuarto de legua de N a S otro medio cuarto jornada de una ora limita por el L y P con el rio por el P [puente] con la feligresía de santa Maria de salto y por el N con la de S<sup>n</sup> Juan de Borneiro.»

Durante o Antigo Réxime antes da aparición dos concellos as xurisdicións eran moi diferentes das actuais e o seu xefe era sempre un nobre ou alto cargo eclesiástico. Polo que se refire á parroquia de Baio a súa pertenza xurisdiccional estaba como segue

«(...) que las referidas feligresías son parte de las mas q<sup>c</sup> [que] componen la Jurisdiccion de Vimianzo y del señorío del Conde de Altamira quien posee la regalía de poner Juez y escriuano de numero en ella con advertencia de que las fras [freguesías] de san Miguel de treos, santa María de Gandara y la de santa maria de Baio son acumulatiuas como otras mas de dcha Juris<sup>on</sup> [jurisdicción] a la real de Soneira cuio Juez conoce en ellas a prevencion de todas causas *Civiles y criminales aunque como todas las mas acumulatiuas contribuien con los derechos reales a dha de Vimianzo como principal caueza.*»



Fiestra con parladiros da casa Varela (foto EDR)

Moi difícil debía estar o subsistir dos nosos antepasados pola cantidade de impostos que tiñan que pagar: ó señor da xurisdicción, ós curas ou ó rei. Dado que a produtividade da terra era moi inferior á actual custa imaxinar como eran capaces de subsistir.

«(...) y dcho Conde perciue en ellas por razón de señorío los seruicios anuales siguientes: Por el que llaman Carnero del Louo perciue de cada un vecino Real y medio de Vellon, por el que llaman Gallina de Dehesa perciue un real de vellon. Por el q<sup>c</sup> llaman Gallina de Viuda que solamente pagan las ¿viudas? En cada fr<sup>a</sup> perciue un real de v<sup>on</sup> = [vellón] por el seruicio que llaman de vasallage perciue de cada un vecino diez y siete mv<sup>s</sup> [maravedís] vellón. Por el seruicio de Luctuosa perciue del cavo de casa que acaeze morir una Alaja de Quatro pies perciue asimismo todo el Ganado que en dchas ocho feligresías se halla sin dueño, que regularmente llaman Mostrengo.

»También perciue la pena en que la Justicia multa o condena pecuniariamente a los reos de ella con adbertencia de que el dcho seruicio de carnero del Lovo solo lo pagan las Personas que tienen Ganado lanar el año que no matan Lovo uiejo o camada de nuevos que en este caso se eximen de esta contribución como siempre lo están las viudas y diferentes personas priuilegiadas; que asimismo no pagan el seruicio de vasallaje y ademas de dos seruicios en las fras de treos y Baio, perciue dho Conde el noveno de los montes que estiuadan.

»En la feligresía de santa **Maria de Baio** el seruicio de Carnero de Louo asciende a treinta y nueve Reales – el de Gallina de Dehesa a veinte Reales – el de Gallina de Viuda a seis Reales – el de vasallage a diez y ocho Reales el de Luctuosa a diez y seis R<sup>s</sup> – el de Penas de cámara a tres reales – el ganado Mostrengo a ocho Reales y el noveno de los montes que se estiuaden a diez y seis reales vellón.

»(...) que los derechos que se hallan impuestos sobre las tierras de dchas ocho feligresías y sus Terminos son diezmo, primicia oblata y voto y que los diezmos en cada una de ellas se cobran y pagan de todos los frutos, de Diez uno en manajo de trigo, Centeno, Maiz, Corderos, Cabritos, Lino y Lana.

»(...) **de la fra de santa Maria de Baio** dixeron perciuen los diezmos y primicias de ella el Cura Parrocho, D<sup>n</sup> Jorge Caamaño vezino de santa Eulalia de Beiro, y d<sup>n</sup> Marcos Pimentel vezino de s<sup>n</sup> Julian de Mondego en esta forma: el cura percive enteramente los diezmos de los vienes de d<sup>n</sup> Vicente Cisneros<sup>5</sup> y la octava parte de los mas diezmos y primicias de los vecinos de dha feligresía, y las siete octavas partes restantes se dividen en tercias y perciven las dos d<sup>n</sup> Jorge Caamaño, y una Tercia d<sup>n</sup> Marcos Pimentel y la oblata que pagan los vezinos a medio ferrado de trigo percive el Cura Parrocho, y que pagan los vezinos que labran medio ferrado de centeno al Santo Apostol por Razon de voto.

(...) ascenderan los diezmos a quatro mil ciento ochenta y siete R<sup>s</sup> [reales] vellon – Las primicias a ochocientos noventa Reales Vellon- La oblatta a ciento veinte y un Reales vellon y el voto a ciento treinta y seis reales vellon (...)

»La Feligresia de santa **Maria de Baio** contribue a S M por servicio ordinario y extraordinario con quarenta y ocho Reales por Alcavalas, cientos millones y carnes con siete cientos noventa Reales y por utensilios con cien reales cuias partidas unidas componen la de nuevecientos treinta y ocho R<sup>s</sup> vellón.»



A casa do escritor Enrique Labarta tamén conserva escudos fidalgos nas súas paredes exteriores (foto XMLS)

---

<sup>5</sup> Posiblemente o único Fidalgo da parroquia naqueles momentos, como veremos máis adiante.

Polo que se refire ás especies arbóreas, rotación de cultivos e especies gandeiras temos:

«(...) regadío y por lo regular ay las especies de sembradura de trigo Centeno Maiz Lino Nauos, Toxaxes, Robles y montes que se estiudadan y otros yncultos por naturaleza (...) dixeron todos los Peritos que la tierra de sembradura de primera calidad en todas producen dos cosechas al año.

»(...) que las especies de frutos que regularmente se cogen en las ocho referidas feligresías se reducen a Maiz, trigo, Centeno, Navos y Lino y aunque siembran algunas berzas o coles y Alcazer se cogen con escasez sin que se haga comercio de ello

»(...) que la medida de un ferrado de tierra (...) de mijo maíz regularmente un año con otro produze cinco ferrados de la misma especie, y al año sig<sup>te</sup> se buelbe a sembrar de trigo y produze unos quatro ferrados y cogido este se siembra el mismo de Alcazer para el gasto de los Ganados y el año siguiente se siembra de Lino y produze desta especie cinco Azes o lagueiros en Verde de los que se sacan cinco Afusales de Lino o de Linaza que regularmente sesiembra y alzado este fruto se buelbe a sembrar de Nauos (...)

Y los Peritos (...) de las fr<sup>as</sup> de (...) Baio, (...) dixeron que si el ferr<sup>do</sup> de tierra esta plantado a Robles por ser estos de una Calidad se corta de doze en doce años y da quatro carros.

»(...) que las especies de Ganados que ay en dhas feligresias y en sus terminos son como llevan dicho Bueies, Bacas, obejas, Carneros, Cabras, Machos de cabrio, Lechones, Lechonas, Yeguas, Potrancas y Potrancos que a excepción de algun mes del verano tienen en los montes sus dueños (...).»

A pesar de contar con moita auga e con ríos con bastante caudal, dado que os desniveis por onde discorren estes son escasos, só figura unha relación de cinco muíños

«En la fra de **Baio** ay **cinco** Molinos muelas = uno llamado **quintas** q<sup>e</sup> muele seis meses propio de d<sup>n</sup> Pedro Par<sup>do</sup> de sotto y consortes y dho soto hace la tercera p<sup>te</sup> y las otras legan otro llamado **Badarriva** q<sup>e</sup> muele todo el año propio de Manuel Garcia = otro llamado **Baio Pequeño** que muele seis meses propio de Juan Lopez otro llamado **domedio** que muele nueve meses propio de Pablo Vazquez = y otro llamado **dafonte** que muele nueve meses propio de Alberto Lema y consortes.»

A parroquia contaba con 60 veciños, deles tres eran cregos: Francisco Fariña era o párroco; os outros chamábanse Francisco Pérez e Pedro Jacinto Vermúdez.



Fonte de Cardezo. Este apelido xa existía en Baio no séc. XVIII

## A mediados do séc. XVIII case o 82 % dos veciños de Baio eran labregos

Pola parroquia de Baio foron os informantes Jacobo Ventín, labrego, como mordomo pedáneo, xunto cos tamén labregos Juan López<sup>6</sup> e Anselmo Vidal como peritos. Polos datos que estes proporcionaron, Baio contaba daquela con 82 veciños (o párroco incluído) e 316 habitantes (polo tanto, unha media de 3,82 persoas por cada casa ou lume). A meirande parte dos seus habitantes estaban dedicados á agricultura, de xeito que a vida baiesa a penas se diferenciaba do resto das parroquias do entorno (a veciña Bamiro só tiña 44 veciños e 200 hab.: uns 4,5 hab. por casa; pero en Treos xa había 122 vec. e 469 hab -3,84 hab. por vivenda- e xa non digamos Vimianzo, que acadaba os 192 vec. -non sabemos os hab, pois na enquisa non se indican os fillos da cada familia- ou Laxe con 112 veciños e 360 hab. -3,2 hab. por casa-; en Zas había 46 veciños e 159 hab. -3,6 hab. por casa-).

Temos que imaxinarnos o Baio de mediados do séc. XVIII coma outra calquera illada parroquia do seu entorno, con malas comunicacións, onde disque non había nin "mesones, tiendas, barcas sobre ríos, mercados, ferias ni otra utilidad alguna".

Poucas eran as familias que na freguesía tiñan unha profesión distinta da de labrador, e, aínda así os poucos que tiñan outro oficio compaxinábanos cos labores do agro. Grosso modo, dedicábase á agricultura o 81,7 % dos veciños.

Deste xeito, o labrador Joseph de Lema era tamén "mercader de vinos al por menor" (ocupación que lle proporcionaba uns 200 réas ó ano) e propietario da única taberna da parroquia, que lla tiña en arrendo á taberneira Pasqua Rodríguez, viúva (quen disque gañaba anualmente 100 réas, pero tiña que pagarlle 66 ó dono da baiúca). O labrego Antonio Mauricio Pérez era o único ferreiro que había (gañaba a razón de 4 réas por día). Andrés da Castiñeira, ademais de labrego era tamén estanqueiro de tabaco (obtiña 59 réas ó ano) e tecedor (2 réas por día, e traballaba medio ano nisto); o outro tecedor era Martín Suárez, tamén labrador. Había un

---

### Nomes dos cabezas de familia de Baio en 1753

Uns 76 baienses maiores de 18 anos eran labradores de oficio (contando coas mulleres e fillos menores destes labregos, calculamos un total de 273 persoas nos labores agrícolas). Estes eran os nomes dalgúns dos cabos de casa destas familias campesiñas de Baio: Jazintta Alonso; Jacobo Amado; Joseph Amado (e o seu xenro Benito Moreira); Bruno, Pedro e Rosendo do Allo; Francisco e Roque de Andrade; Don Lorenzo Cardeso; Elegna (sic) Carreira; Ignacio de Castro; Antonio de Leis, Alberto, Andrés, Adrián, Lucas, Martín, Nicolás e Pedro de Lema (non consta que fosen irmáns); Josepha de Lema e o seu fillo Joseph Mourín; Joseph de Lema e Prado (distinto do mercador de viños); Silvestre Miñones; Francisco e Juan López; Francisco Martínez; Alberto e Antonio do Mouzo; Pedro Núñez; Andrés de Pazos e o seu fillo Gregorio; Domingo de Parga; Josepha Pérez; outra Josepha Pérez (que tiña na casa un cuñado chamado Miguel, soldado inválido); Joseph e León Posse; Juan de Ramallal; Francisco Rodríguez; María Rodríguez e o seu neto Antonio do Anido; Juan Rojo e Juan Rojos; Thomasa Sánchez; María do Souto; Benita e Domingo Suárez (non consta que fosen irmáns); Jazinto Suárez e o seu fillo Juan; Pedro Suárez; Martín de Traba; Francisco e Roque Trillo; Andrés, Juan, Lorenzo e Gregorio Vázquez (non eran irmáns); Antonio Vermúdez; Domingo Vidal; Pedro Vidal, etc., etc. Seguro que alguén reconece de onde ven o sobrenome dalgunha casa baiesa.

Contabilízase un total de 17 criadas e 6 criados, que andaban a servir, na súa maior parte na casa dos cregos e dalgúns labregos ricos. O párroco, don Francisco Fariña de Leis, tiña dous criados e tres criadas; o tamén presbítero don Pedro Jazinto Vermúdez contaba con dous criados e catro criadas; entre os labregos "ricos" con servizo estaban Pedro Núñez (con dúas criadas), Francisco de Andrade (con unha criada e cun fillo estudante, chamado Felipe) ou Adrián García (dúas criadas). Había un labrego co "don" anteposto ó seu nome, Lorenzo Cardeso, do que non nos consta a súa fidalguía: tiña unha criada e un fillo a estudar. En cambio, o que posiblemente fose a estas alturas o único fidalgo da parroquia, don Vizente Zisneros, solteiro de 26 anos, vivía coa nai e dúas irmáns menores e non tiña servente ningún.

---

<sup>6</sup> Segundo a investigación do fornellán Ramón Romar López, este Juan López -antepasado seu-, fundaría cinco anos despois, en 1758, o vínculo da Casa do Bao de Fornelos; el mesmo e o vinculeiros que o sucedan serán cabezaleiros dos Caamaño de Romelle (Romar López ca. 2011: s/p).

labrego que tamén facía de xastre: Francisco Lema (gañaba 2 réas por día).

Había uns dez pobres na freguesía, todos eles solteiros ou viúvos, os primeiros como consecuencia do tradicional sistema de mellora do agro galego e as segundas -son mulleres na súa maior parte- por perderen o principal sostén da casa e vérense despois cargadas de impostos (a loitosa, por exemplo) e débedas impagables. Aquí aparecen os nomes de Alberta Cundíns, Antonia e María Rodríguez, Ignacia Vidal (que en 1743 se permitira o luxo de fundar, xunto co seu esposo, o altar lateral de Sta. Catarina na igrexa de Baio, pero a súa viuvez vai supoñerlle tamén a súa pobreza...), María Pérez, María Sánchez. Entre os homes: Andrés do Allo, Antonio Suárez, Jazinto Trillo, Sebastián García.

Completando esta visión demográfica do Baio de 1753 cómpre engadir que na parroquia había 58 rapaces e 63 rapazas menores de 18 anos.

### **1847, a información do *Diccionario* de Pascual Madoz**

«BAYO (STA. MARIA DE) felig. en la prov. de la Coruña (7 1/3 leg.), dióc. de Santiago (6), part. Jud. de Corcubion (5 ¼) y ayunt. de Zas (1 ½): SIT. en el camino carretero de Camariñas á Verdillos; CLIMA templado y sano: comprende los l. de Bayo-grande, Bayo-pequeño y Fornelos que reúnen 44 casas medianas: la igl. parr. (Sta. María) pertenece al arciprestazgo de Soneira, el TÉRM. confina con los de Allo, Bamiro y Vilar, le baña un riach. que enriquece al r. de la Puente; el TERRENO es quebrado, de segunda clase y no carece de monte: el mencionado CAMINO así como los locales estan poco cuidados; tiene un puente sobre el citado riachuelo, y el CORREO se recibe por la cap. del part.: PROD. maiz, centeno, trigo, algunas legumbres y pastos; cría ganado vacuno, caballar y de cerda; hai alguna caza y pesca: POBL.: 48 vec. 298 alm. CONTR. con su ayuntamiento.»

### **1928: a información de E. Carré Aldao**

«**Santa María de Bayo**, de entrada y su presentación es de varios legos. Hay una escuela nacional de niños y otra de niñas. La romería se celebra por San Cristobo (Cristóbal), el 10 de Julio. Sus aldeas son Bayo Grande (que justifica su título, pues es la más poblada del ayuntamiento, y en ella hay teléfono, fábrica de aserrar maderas, farmacia y alquiler de automóviles pues es el puesto de enlace de la carretera de Santiago a Camariñas con la de Fisterra), Bayo Pequeño, Cacharosa y Fornelos, sumando en junto 191 viviendas para 719 habitantes de hecho y 774 de derecho los que la hacen la de mayor núcleo de su municipio. Baña el término un riachuelo que afluye al río Bayo o Xora, que cruza el término.»

### **A triste historia do derradeiro vinculeiro da Casa do Bao (Fornelos)**

A Casa do Bao de Fornelos -así denominada, posiblemente por estar situada nun vao do río desta aldea-, malia non ser unha gran mansión, foi casa fidalga e tiña escudo nunha das súas paredes, escudo desaparecido contra 1927 por unas reformas. Non era esta a única casa fidalga da parroquia, pois ós oídos do erudito baiés Paco Romero Lema chegara a existencia da Torre do Escudeiro, que el situaba polo Campo do Rollo, “y que se derrumbó a fines del siglo XVIII o a principios del XIX”. A desaparición debeu ser máis tarde, na segunda metade do XIX, pois o cartógrafo Domingo Fontán fala no seu caderno de viaxe, en 1823, da “Torre de Bayo”<sup>7</sup>.

Un fornelán residente en Madrid desde hai anos, Ramón Romar López, descendente dos vinculeiros desta casa, sen ter estudos de historiador, realizou unha exemplar e asombrosa investigación histórica

---

<sup>7</sup> Tivo que haber máis fidalgos na parroquia: no Catastro de Ensenada figura, como xa vimos, un veciño chamado Vicente Cisneros, co “don” anteposto,. Tratamento que tamén tiña un labrego rico chamado Lorenzo Cardezo. Xa no séc. XIX, a casa dos Labarta Pose está brasonada (dous escudos); disque por parte de nai o escritor descendía dos Andrade. Outra casa baiesa que conserva formas pacegas é a de Varela: planta en L, patín e mesmo contaba cun pombal.

sobre a súa familia, valéndose sobre todo da transmisión oral familiar e veciñal, pero tamén contando co apoio dos documentos. Pensando sobre todo nos seus fillos e no resto dos seus familiares publicou pola súa conta un libriño (*Ancestros y vivencias*, ca. 1998) e un folleto (*El vínculo do Bao de Fornelos*, ca. 2011) nos que narra polo miúdo unha historia familiar que arrinca no séc. XVIII, cando en 1758 o seu antepasado Juan López fundou en Fornelos o vínculo da Casa do Bao. Estas publicacións proporcionan unha visión moi fidedigna de como vivían os nosos devanceiros dos séculos pasados.


Aínda que en Fornelos quedou a idea de que era unha cousa gradiosa, o certo é que o vínculo do Bao era pequeno; o seu vinculeiro cobraba foros de Baio, Lamas, Bamiro, Vilar e pouco máis; ademais, á súa vez era vasalo da Casa de Romelle (Loroño) -da poderosa familia dos Caamaño, que chegaron a ser Grandes de España a finais do séc. XVIII-, o seu cabezaleiro (administrador) na parroquia de Baio. Polo que nos conta Romar López, o vínculo do Bao durou pouco máis de cen anos e tivo catro vinculeiros. O que nos vai interesar agora é a triste historia do último de todos, pois aínda permanece en boca dos vecinos de Fornelos 150 anos despois da súa morte.

O derradeiro vinculeiro da Casa do Bao chamábase José-Miguel López de Parga e nacera en Fornelos en 1804. Ós 22 anos casárono con Xoana de los Reyes cando esta só tiña 13 anos. Un dos clásicos casamentos concertados da época, polas comenencias, aínda que Xoana -que estaba cos seus enredos infantís cando a viñeron buscar para o casamento- era orfa de pai e de nai. A consumación do matrimonio quedou posposta para cando Xoana cumprira os 14 anos. O primeiro fillo tívoo aínda ós 18 anos.

José Miguel herdara o vínculo directamente do seu avó Juan Francisco, debido a que seu pai (José María) morrera prematuramente. A súa vida -conta Romar- foi un verdadeiro desastre pola súa extremada afección ó xogo: un ludópata que en pouco máis de dez anos dilapidou todo o patrimonio acumulado polos seus antecesores, deixando na ruína a toda a súa familia.

No ano 1844, cando xa tiña moitas débedas, decide dividir o vínculo en dúas partes iguais, metade para el, metade para o seu primoxénito José María. Para el reservou os foros, para o fillo os bens raíces. No inventario que fixo para a división cita catro casas, trinta e dúas leiras de labradío, un prado e os foros que recibía por varios lugares, todo valorado en 284 ferrados de trigo e 13 cuartillos anuais. Tiña xa débedas por valor de 34 ferrados e 18 cuartillos de trigo e por "tres oitavas partes dun año". Non cita propiedades de monte, seguramente xa as tiña perdido no xogo.

Un día tras outro seguiu xogando -e perdendo (parece que nunca gañaba!)- bens mobles e inmobles, gando, colleitas e, por último, mesmo a parte que lle dera ó seu fillo.



No ano 1847 xogou ás cartas, e perdeu, un dos cabazos de seis pés que tiña na casa, feito de grandes pedras e moi ben traballado. Seica quen lle gañara a partida fora Antonio Montero López, notario de Santiago de Carreira<sup>8</sup>. Cando os novos donos foron buscar o hórreo, Xosé fuxiu ó monte, e Xoana, que nada sabía do asunto, foi maltratada ó resistirse a que o levaran.

O cabazo foi desmontado pedra a pedra, cargado en carros para a parroquia de Carreira. A casa onde se atopa actualmente coñecíase como a "da Señorita". Os seus novos donos preocupáronse de gravar a data de 1847 por encima doutra anterior, quizais para "conmemorar" o ano da vitoria na partida. Hoxe aínda se pode ver na aldea de Carreira este hórreo de trazas xeométricas perfectas, na casa do Moreno, que se ve ás claras que non se corresponde coa tipoloxía dos outros do lugar. Moitos anos despois deste traslado, descendentes de José-Miguel virían a Carreira tomar medidas do cabazo para facer outro exactamente igual, coa mesma forma e medidas, na casa patrucial de Fornelos. Xa falamos algo disto no texto da parroquia de Carreira.

Ademais do notario ou escribán de Carreira, outro membro da partida foi o boticario de Baio Francisco Labarta, pai do escritor Enrique Labarta Pose. Fora un dos compradores de bens que José Miguel malvendera para saldar as súas débedas.

En poucos anos, a José-Miguel López apenas lle van quedar leiras que xogar. Disque en certa ocasión, mentres debullaba o millo, lle comentara Xoana a Xosé:

"-Xa somos pobres, pero polo menos aínda temos millo".

Como resposta, a el caéronlle unhas bágoas, pois xa xogara o millo recolleito e máis o que tiñan sementado.

Despois viríanlles polos bois, que non deixou levar Xoana, pois precisábaos para traballar. A boa da muller intentou salvar tamén un bonito reloxo de pé. Desmontouno e gardouno no faiado da casa, pero certo día unha pobre esmoleira que viña pedir polas portas e que ás veces durmía na súa casa, preguntoulle por el, porque escoitara soar un igualiño nunha casa de Carreira. Xoana foi correndo ó faio e comprobou que o reloxo xa non estaba...

E así foron desaparecendo todos os bens do vínculo do Bao. Mesmo un agro que tiñan aforado foi trocado por un par de mantas vellas para taparse do frío no inverno.

Os fillos de Xosé e Xoana acabarán tendo que ir pedir polas portas e ir servir como criados a outras casas. O pai acabou marchando a Madrid pero, como indica Ramón Romar no seu fidedigno e tristeiro relato, "marchou cun par de zapatos postos e regresou cun pé descalzo".

José-María López de los Reyes, o primoxénito de José-Miguel, emigrou a Montevideo (Uruguai) xa casado, e deixou a familia en Fornelos. Nin alí se librou do vicio ludópata do pai nin do seu autoritarismo, pois en 1872 deu desde a capital uruguiaia a súa conformidade para que aquel vendese a parte que lle doara. Chama a atención a extremada subordinación do fillo cun pai así.

José Miguel finou en Fornelos en 1877 ós 84 anos. Tres anos antes fixera testamento -do pouco ou nada que lle quedaba- perante o notario Antonio Montero, o mesmo que o "desplumara" gañándolle o hórreo, o reloxo e quen sabe cantas cousas máis. Como ben di Ramón Romar no seu relato "dejó claro que no

---

<sup>8</sup> Os Montero pasarían despois a vivir en Zas; a finais do séc. XIX faríanse coa alcaldía, que pasaría de país a fillos ó longo de case 80 anos.

era rencoroso”.

O seu fillo maior, José M<sup>a</sup> López de los Reyes (Fornelos 1831-1903) recibirá de seu pai a metade do vínculo cando só tiña 13 anos, pero non chegou a facerse cargo del, pois seu pai xa lle venderá as propiedades antes de llo entregar. Só herdou a casa e os dereitos de traballar o foro. Quixo coller o temón da facenda en 1856, e ó fracasar emigrou a Montevideo deixando a súa familia en Fornelos. Non regresou ata que morreu o seu proxenitor. En 1892 consegue que o xulgado de Corcubión o declare pobre, pois non tiña propiedades. En cambio, pagaba a contribución por todas as leiras que pertencían ó vínculo desde había 40 anos, e iso supoñía unha cantidade apreciable de cartos. A cambio deste pagamento conservaba o dereito a ser elector, coma se fose un gran propietario (estamos aínda na época do sufraxio censatario, reservado para os que pagaban o senso, é dicir, os ricos; como di Romar, “posiblemente era el único pobre de España con tal privilegio”).

Se este foi o destino do fillo mellorado, calquera pode suponer cal foi o dos seus irmáns e irmás, que acabaron todos servindo en casas alleas.

A historia da familia continúa por múltiples vieiros ata os nosos días. Durante moitos anos pesou sobre eles o estigma de seren descendentes dun xogador. Afortunadamente nada está predestinado e a maior parte dos descendentes de José Miguel saíron adiante, suando a fiño, desde logo, pois houbo quen -coma o avó materno de Romar López-, Ramón López de Los Reyes (1845-1931), que traballou, xunto coa súa muller Carmen, día e noite para construír a propia casa e despois para ir aforrando céntimo a céntimo para lograr mercar propiedades, leiras, moitas, de todos os tamaños, en Fornelos e noutros lugares da comarca; quizais na súa mente estaba o empeño en comprar “más fincas que las que había jugado su padre”. A isto hai que engadir que empezara coma criado duns tíos.

Palabras do narrador desta historia, que remata a súa narración deste xeito: “Si difícil es entender lo que hizo mi bisabuelo, lo que hizo mi abuelo es inexplicable”.

A nós interesounos esta historia case novelesca que nos ilustra como moitas familias ricas se fixeron pobres, e tamén como outras foron engrandando o seu patrimonio. Cada familia ten unha historia distinta. Sería bo que todos preguntásemos pola nosa, recollendo a tradición oral, como fixo Ramón Romar López, fachendoso das súas orixes forneláns, baiesas e galegas.



## 7. A MELLORA DAS COMUNICACIÓNS, CLAVE PARA O PROGRESO DE BAILO NO SÉC. XX

### A construción da ponte de Baio (1852-1853)


A chamada **ponte de Baio**, no km 20,68 do río do Porto, une Baio (Zas) e A Piroga (Bamiro-Vimianzo). Desde tempos moi antigos foi un punto moi importante de comunicación comarcá e extracomarcá. A primeira noticia documental da súa existencia data, como xa adiantamos, do ano 1698, cando o señor das Torres do Allo preitea contra o señor da xurisdición de Carantoña polo muro que este último levantara nos seus muíños no curso baixo do río do Porto, que impedía que subisen “hasta mas arriba de la puente que se dize de Vayo” reos e salmóns que seica tamén se pescaban no Allo (Sánchez 2001: 216).

Cen anos despois o economista ilustrado José Lucas Labrada, na súa *Descripción económica del Reyno de Galicia* (1804), expresa a súa preocupación polo estado de dúas pontes, a de Baio e a de Pasarela:

“que se necesitan reedificar hacia el valle de Vimianzo sobre el río de la Puente: el primero llamado **Puente de Bayo** tres leguas y media río arriba del Puente del Puerto, que está intransitable, siendo un paso preciso para La Coruña, Ferrol y otras partes, y asimismo para el mercado mensual nombrado de Bayo, que se celebra junto a dicho puente, a donde concurren los vecinos de aquellas inmediaciones.” (Lucas Labrada 1971: 166)

Anos despois, o cartógrafo Domingo Fontán na súa *Carta Geométrica* (1834-1845) constata de maneira gráfica a existencia desta ponte ou pontella entre Baio e Bamiro, aínda que non lle escribe o nome.

O polígrafo Francisco Romero Lema conservou no seu arquivo particular documentos das obras da construción da ponte de Baio, edificada entre 1852 e 1853. Neles aparecen os nomes e apelidos dos que traballaron nelas coma canteiros, pións ou carreteiros. Aínda que non se di, a pedra seguro que procedía da canteira do monte de Pedra Miñón (Bamiro), situada a uns 3 km, pois esta forneceu durante séculos a toda a Terra de Soneira (mesmo chegaban carros de Xallas). A maior parte dos operarios eran de Baio e de Bamiro.



A ponte de Baio en 1974, coa súa fisionomía orixinal (Postales Vistabella, Madrid)

Nestes documentos detállase o presuposto inicial desta obra, redactado na Coruña o 24 de febreiro de 1852: sumaba un total de 62.573 reais entre "fundaciones" (é dicir, os alicerces: 9.958 reais), "pilar y estrivos" (22.944 reais), "arcos" (13.934 reais), "muros de sostenimiento" (4.176 reais), "imposta y pretil" (2.361 reais), "pavimento" (4.418 reais) e "cimbras y andamiajes" (2.778 reais). Co desconto obtido na poxa a cousa quedou finalmente en 51.504 reais<sup>9</sup>.

As obras xa estaban en marcha en abril de 1852. Na relación de canteiros que traballaron para a ponte figura en primeiro lugar, Dn. Thomás de Castro, que era o que máis cobraba (10 reais por día); esta circunstancia e o "don" que precede ó seu nome lévanos a pensar se sería el o arquitecto ou enxeñeiro autor do proxecto. Despois del aparecen José de Canto, que cobraba 7 reais por xornada, e Manuel Veloso, que cobraba 6; os dous eran mestres de cantería ós que documentamos uns anos despois facendo obras nas igrexas de Soesto (Canto) e de Sarces e de Zas (Veloso). A continuación figuran na lista arredor de corenta canteiros, que cobraban de 3 a 5 reais por día. A lista dos carreteiros que levaron en carros pedra "de la pedreira" é interminable, a 3 reais o carro (exceptuando "Dn. Francisco Pose", que o cobraba a 9 reais). Entre a tamén longa listaxe dos pións había moitas mulleres. As pagas efectuábanse a mediados de cada mes, facendo cadrar a data do cobro co día da feira de Baio<sup>10</sup>.

A de Baio é un bo exemplo das pontes de mediados do séc. XIX, cun grande arco central rebaixado e dous laterais de medio punto de descarga, perdeu nos anos oitenta do séc. XX boa parte da súa beleza cando a Obras Públicas se lle ocorreu substituír as *contentas* (nome local dos peitorís laterais) por unhas varandas metálicas. Foi unha medida desafortunada que afectou moito á estética do seu conxunto.

Esta ponte de tres arcos, de máis de século e medio de existencia, converteuse no verdadeiro símbolo da vila de Baio, pois pasou a figurar a xeito de brasón nas insignias do C.D. Baio, da A. de VV. Tabeirón, da A. D. Su a Agra e da A. M.C. Pepe Valiña-Coral Xan Mella.



<sup>9</sup> Para que nos fagamos unha idea dos custos, digamos que por aquela época unha vaca andaba entre os 150 e os 200 reais (Romar López 2011).

<sup>10</sup> Feira que, como acabamos de ver no documento de 1804, se celebraba na Piroga, onde sempre estivo polo menos desde 1740 sen se mover do sitio.



A ponte de Baio na actualidade, afeada polas varandas metálicas que substituíron as antigas 'contentas' (foto Xan Fernández)

### A construción da ponte Lodoso, na Cacharosa (1897)

En 1644, cando aínda non existía o lugar da Cacharosa, en documentos do Arquivo Familiar dos Rioboo (AFR) do Allo, xa se falaba da existencia unha ponte, “Puente Lodoso”, sobre o río do Porto:

«“fue cerrando desde junto a dichos Molinos del Allo donde se alla un Marco antiguo junto al riego<sup>11</sup> [‘rego’] que divide las felegresias de Santa Maria de Vayo de la de San Pedro del Allo, y desde dicho marco asta pasar la **punte lodoso** de donde se alla dicho molino nuevo es tierra del Conde de Altamira y términos de dicha feligresia de Vaio” (Sánchez García 2001: 185).

O muíño novo ó que se fai referencia é quizais un dos dous de Su a Agra, situados a uns 250 m máis abaixo, xusto despois da desembocadura do río de Zas. Nun preito de 1732 que o señor do Allo (Gómez Antonio de Rioboo y Seixas) tivo co arcipreste de Soneira -e quizais párroco de Baio-, Francisco Villanueva, fálase da represa dos muíños “nuevamente fabricados en el sitio de Puente Lodoso”, porque seica inundaba a agra do Allo. As referencias a esta ponte repítense no AFR.



---

<sup>11</sup> Trátase do Regueiro do Allo, que aínda hoxe sinala os lindes das dúas parroquias.

No primeiro terzo do séc. XIX o cartógrafo Domingo Fontán constata na súa *Carta Geométrica de Galicia* a existencia de “Pte. Ledoso” (sic) no mesmo lugar onde se sitúa a actual, que foi construída entre 1897 e 1898, como parte que era da nova estrada de Santiago a Camariñas, proxectada xa desde 1881, pero que aínda non estaba iniciada en 1894. A **ponte Lodoso** ou **ponte da Cacharosa** é unha bonita obra de enxeñería que responde ó modelo de pontes do séc. XIX para ríos de anchura mediana, cun único gran arco rebaixado sobre resistentes machóns situados en cada beira, todo de boa cantería.

Así coma na ponte de Baio de 50 anos atrás a maior parte dos canteiros e peóns eran de Baio, Bamiro ou da redonda, segundo o citado D. Paco Romero Lema na construción da ponte da Cacharosa traballaron canteiros de Pontevedra. A pedra procedía da inesgotable canteira de Pedra Miñón (Bamiro). Por un interesante traballo de investigación inédito do profesor Juan Félix Neira Pérez (2014)<sup>12</sup> sabemos que o capataz que dirixía as obras era andaluz, de Motril (Granada), chamábase Salvador de la Torre e estaba aveciñado en Baio. Nunha carta enviada ó arcebispo de Santiago datada o 1º de febreiro de 1898 o párroco de Bamiro e Tines, don Nicolás Parada Juncal, denunciara a este capataz por “librepensador” e porque obrigaba ós operarios a traballar nos domingos “despachándolos del trabajo sino le ván al día festivo tambien”. O crego, que tamén estaba empeñado en prohibir a celebración da Feira de Baio (a da Piroga-Bamiro) por cadrar en domingo, di que acudira á autoridade local, pero esta seica non lle fixera caso. Remata a súa misiva engadindo que

«los operarios que le van a trabajar en los días de fiesta son gallegos pero de aquellos mas escamisados que tiene la cuadrilla, pues los menos escamisados y los buenos no ban al trabajo aunque les pague un duro por día, pues para estos vastó un aviso de su cura.»

Desde o Arcebispado pídenlle ó cura o nome do capataz “para ver si se puede hacer algo en este asunto”. Estraña que o párroco de Baio non interveña para nada, manténdose á marxe.

A ponte estaba rematada en 1898, e ignoramos se ese capataz foi relevado ou non. O que si está claro é que o crego integrista de Bamiro tamén consideraba que o Goberno español do momento -o moderadísimo Partido Liberal de Sagasta!- estaba “compuesto, en su mayoría, de afiliados á la reprovada secta masónica”.

---

<sup>12</sup>Neira Pérez, J. F. (2014?): *A oposición da Igrexa ás feiras e mercados dominicais no século XIX: Bamiro, Baiñas e Vimianzo*. Este traballo, incompreensiblemente inédito, resultara gañador o I Premio de Memoria histórica do Concello de Vimianzo (2014). Agradecemoslle ó seu autor o permiso que nos deu para publicar estas referencias á construción desta ponte e á feira de Baio.



A ponte Lodoso na actualidade, 2017 (foto XMLS)



Rúa Romero Lema, a principal de Baio (foto EDR)

## Baio progresa no séc. XX, ás comunicacións e á potenciación da feira da Piroga

A parroquia de Baio, que nin nos séculos XVIII e XIX se diferenciaba en nada das outras freguesías do concello, vai entrar no séc. XX cunha certa puxanza económica que paulatinamente a van facer destacar do resto do concello de Zas. A conxunción de dous feitos singulares, as novas comunicacións e a potenciación da feira do terceiro domingo de mes (á que se lle incorporou o feirón, do primeiro martes de mes) explican este progreso

Nin na Idade Media nin na Moderna os principais camiños non pasaban por Baio. Con todo, a finais do séc. XVIII e principios do XIX, a anterior ponte de Baio xa era un "paso preciso para La Coruña, Ferrol y otras partes, y asimismo para el mercado mensual nombrado también de Bayo, que se celebra junto a dicho puente" (Lucas Labrada; 1804). Tamén se cita este paso na *Carta Geométrica de Galicia*, de Domingo Fontán (1834). Cando en 1836 se constituíron os concellos, Baio era unha parroquia máis que en nada se diferenciaba das outras (quince) dezaseis que conformaron o concello de Zas; tan só tiña 207 habitantes, superada en poboación por seis freguesías deste municipio: Lamas, Meanos, Brandomil, San Adrián, Gándara e Vilar (aínda que ningunha delas chegaba ós 300 hab.). Zas tan só tiña 120 hab., sendo a terceira menos poboada.

A mediados do séc. XIX construírse a ponte de Baio actual, paso importante para a estrada que daquela se estaba facendo da Coruña a Corcubión. A finais do XIX constrúese a ponte Lodoso ou da Cacharosa, paso importante da estrada Santiago-Camariñas. O feito de que o tramo Santa Comba á Terra de Soneira se dirixise por Zas a Baio e non por Zas, Vilar, Tines e Vimianzo como ía o camino real anterior, favoreceu o progreso da parroquia, que viu como a finais do séc. XIX-principios do séc.

---

### Baio e o deputado republicano Emilio González López

Por amizade con algúns veciños baieses o deputado republicano, Emilio González López, tiña especial empeño en promocionar Baio, ata converter a vila nunha importante encrucillada de estradas. A Guerra civil -unha vez máis- frustrou este proxecto. González López nacera na Coruña en 1903; con 28 anos xa era catedrático de Dereito Penal e fora elixido deputado pola ORGA (Organización Republicana Gallega Autónoma), de esquerdas, ás Cortes da República, de 1931 a 1936. Pola represión franquista viuse forzado ó exilio en 1939. A partir de 1946 foi profesor de Historia de España e de Galicia na Universidade de Nova York (EE.UU.). Tras a morte de Franco puido regresar do exilio. Foi o primeiro cronista oficial de Galicia, nomeado pola Xunta de Galicia. Finou en Nova York en 1991 e enterrárase na Coruña, onde conta cun busto nun xardín da cidade.

Conta nas súas memorias (publicadas en 1988) que as súas relacións con Baio empezaran a través do empresario da madeira Alfredo Agra, quen xa desde 1931 tiña un empeño especial na construción da estrada de Baio á Revolta (Canduas-Cabana).

"Para mi amigo Agra fue una gran alegría ver construída la carretera, que fue de las primeras obras públicas del Estado que conseguí para esta comarca tan incomunicada. Recorrí varias veces con Agra esta nueva carretera camino de Lage. Era la primera que salía de Bayo. Yo quería hacer de Bayo el centro de un núcleo de carreteras que comunicaran todos los pueblos de esta comarca; y la primera era esta a la Ría de Lage. Comencé entonces las gestiones para que otra carretera partiera de Tines, en la parte de Bayo de Vimianzo, y se uniera en Bañas, del mismo ayuntamiento a la que estaba sin terminar de Santiago al puerto de Mugía.

»Para mí Bayo fue, aun más que Carballo, un lugar de descanso y de comunicación con la tierra gallega, con su geografía y su historia. En Carballo tenía numerosos amigos; en Bayo dos, el maderero Agra y el médico Romero, también maderero"

(González López, E., 1988: *Memorias de un diputado de las Cortes de la República [1931-1936]*, pp. 126-127).

Recordemos que pola "pista" de Baio-Tines-Bañas aínda habería que esperar 30 anos, pois non se abriu ata 1967. Foi o "progreso" que nos veu despois da guerra...

En Baio tiña don Emilio un cabalo á súa disposición, emprestado polo médico Romero. Con el acompañaba a Agra por toda a comarca. "Nunca, en mi larga vida, me sentí más feliz y descansado que en Bayo, en compañía del maderero Agra y de su pariente, el médico Romero" (p. 128). Con estas palabras remata o capítulo que dedica a Baio nas súas memorias ("*Bayo y el maderero Alfredo Agra*"). Poucos baieses souberon do cariño que lle tivo á vila este deputado republicano, que ben merecería algún tipo de recoñecemento na vila baiesa.

XX se instala nela unha pequena burguesía de certo peso específico (industriais madeireiros, comerciantes, boticarios, médicos etc.), que pola década 1880-1890 entra en disputa co núcleo de Zas polo control do goberno municipal. Sería a familia Astray de Baio contra os Montero de Zas, pugna que finalmente se decantou a favor destes últimos.

Grazas a estas modernas comunicacións, amplas e empedradas (aínda que sen asfalto, como é lóxico), xa na segunda década do séc. XX se empezan a ver por Baio os primeiros automóviles, substituíndo ós anteriores coches de cabalos. Polo testemuño persoal de F. Romero Lema e ás notas que foi recollendo ó longo da súa vida ("*Bayo en el siglo XX*", en parte publicado en Lema Suárez 1989) sabemos que en 1911 a empresa "Automóviles Coruñeses" puxo en servizo dous ómnibus para transporte de viaxeiros entre A Coruña e Corcubión, substituíndo á anterior liña de coches de cabalos.




A casa da Ponte (Baio) e o Campo da Feira (A Piroga), anos 1940-50 [foto Vidal]

Pola estrada de Santiago, por 1913, empezou a circular un automóbil da empresa "El Noroeste" e, ós poucos meses, vaille facer a competencia por esta mesma liña a empresa "La Amistad". Daquela non existía a estrada de Carballo a Santiago, e mesmo xente desta vila xa importante se desprazaba a Baio para ir a Compostela. En 1917 aparece o primeiro turismo particular na parroquia (un membro da familia Labarta Pose); o primeiro camiión foi o do industrial José Martínez (1920-21), pero pola estrada xa circulaba desde 1914 o de Manuel Porteiro, de Agualada (os camiións aínda eran moi escasos, e por estes anos para o transporte seguiron traballando os carreiros cos "zorras" -carros moi anchos de catro rodas- tiradas por bois); por 1922 apareceu o primeiro ómnibus (do comerciante de tecidos Ricardo Mira). O 10 de xuño de 1927 a empresa "El Santacombés" presenta no Concello de Zas unha instancia solicitando unha liña regular de viaxeiros de Camariñas a Santiago etc., etc.



Esta "euforia" na apertura de novas vías de comunicación houbo de se incrementar co frustrado proxecto do ferrocarril dos tres "ces" A Coruña-Carballo-Corcubión, que tiña unha estación en Baio. Frustrouse por culpa da Primeira Guerra mundial, en 1914, pois a empresa que o proxectara era francesa. Nos anos vinte volveu intentar o banqueiro e político corcubionés Pepe Miñóns, pero tampouco saíu adiante.



Baio antes de 1950, desde o Campo da Feira da Piroga  
(foto revista *Alborada* de Buenos Aires, Rep. Arxentina)

Grazas ás novas estradas, Baio -xunto con Vimianzo- vai apreciar moito antes que outras parroquias da redonda os signos distintivos do progreso, pois polas estradas entran os novos inventos:: o telégrafo, o teléfono, a radio, a luz eléctrica, os arados de ferro, as cociñas de ferro etc.

Este progreso iniciado a finais do séc. XIX coa apertura de novas vías de comunicación e a potenciación da feira, apréciase graficamente no incremento poboacional: dos 207 hab. de 1836 e os 297 hab. de 1845 pasouse ós 719 de 1928 (e chegaríase posteriormente ós 1.231 de 1970 e ós 1.317 de 1991). Iso sen contar co núcleo bamirés da Piroga, que andaríase polos 250-300 habitantes.

Este progreso baiés fronte ás outras parroquia do concello de Zas xa o notaba E. Carré Aldao contra 1928, como vimos en páxinas anteriores: “[Bayo] es la más poblada del ayuntamiento, y en ella hay teléfono, fábrica de aserrar maderas, farmacia y alquiler de automóviles pues es el puesto de enlace de la carretera de Santiago a Camariñas con la de Fisterra”.

Os anos da II República española foron anos de esperanza e de ansias de progreso, a pesar da continua inestabilidade social e política nas grandes cidades, produto da ausencia de democracia real durante os cincuenta anos anteriores. Non sabemos de enfrontamentos sociais e políticos serios por esta comarca durante a época da República; obviamente, había rivalidades entre familias de dereitas e familias de esquerdas. O mestre de Baio do ano 1936 chamábase D. José Domínguez, de ideoloxía esquerdista; despois quedaría sen escola e andou fuxido.

Nas eleccións de febreiro de 1936 seica a parroquia de Baio votara maioritariamente ás esquerdas, ó

*Frente Popular.* Os máximos representantes da ideoloxía republicana eran, en Baio, ademais do mestre xa citado, o farmacéutico Verdes, o madeireiro Alfredo Agra e o médico Romero, amigos íntimos -estes dous últimos- do deputado da ORGA, Emilio González López (que foi o gran impulsor da estrada de Baio a Canduas). A representación das dereitas estaba liderada polas familias dos Astray (o médico D. Braulio e o párroco D. Juan, sobre todo) e os Romero Lema, uns e outros amigos de Benito Blanco-Rajoy, deputado da CEDA.

Cos sucesos subseguintes ó golpe militar do 18 de xullo de 1936 parece que, por sorte, ningún veciño baiés foi "paseado" nin sufriu consello de guerra -como acontecera en Vimianzo, Ponte do Porto, Cee, Corcubián, etc.-, e nesta venturosa ausencia de asasinatos seica tivo moito que ver algún significado baiés como Ramón Reimúndez -que detentaba o cargo de xefe local da Falanxe-, que procurou por todos os medios que non se lles fixese dano ás persoas de ideoloxía republicana ou de esquerdas; mesmo sería acusado de "brando" por outros falanxistas da zona, sedentos de sangue.

Para a fronte de batalla marcharon moitos mozos baieses, e polo menos unha decena deles non regresaron vivos: na fachada da igrexa antiga de Baio unha placa de mármore enumera os nomes dos dez que perderon a súa vida loitando no bando dos vencedores; a placa foi mandada colocar polo párroco baiés, D. Juan Astray, o 3 de decembro de 1939.



### O Campamento militar da Cacharosa (1943-1944)

Outro feito histórico importante e pouco investigado polos historiadores contemporáneos foi o Campamento militar da Cacharosa, de maio de 1943 a outubro de 1944.

A pouca distancia da ponte Lodoso ou da Cacharosa, a unha e a outra banda do río do Porto, augas abaixo, o Goberno de Franco decidiu instalar en maio de 1943 un campamento militar. Na marxe dereita estaban instalados os barracóns de madeira dos soldados de Infantería e na esquerda os de Artillería; os oficiais aloxábanse en casas particulares de Baio. Na banda dereita do río preparouse tamén un campo de fútbol máis ou menos regulamentario con porterías de pau e áreas pintadas e mesmo unha cancha de tenis. Un pouco máis abaixo, nun remanso do río instalaron un trampolín de madeira para bañarse polo verán; polo lugar onde se atopaba, coñeceríase localmente como "a praia de Su a Agra".



A causa da instalación deste campamento castrense foi motivada polos cambios que se estaban producindo na Segunda Guerra mundial a partir de finais de 1942-principios de 1943. Tras a exitosa "guerra lóstrego" xermana dos primeiros anos, as derrotas nazis en Stalingrado (febreiro de 1943) polo exército soviético e no norte de África (maio 1943) polos angloamericanos van cambiar por completo o curso da guerra. Na Conferencia de Teherán (1-12-43) Stalin esixíralles ós seus aliados (Churchill e Roosevelt) a apertura dunha nova fronte na Europa occidental, para o que se requiría un desembarque das forzas concentradas en Gran Bretaña nalgún punto da costa occidental europea.

O goberno de Franco empezou a temer que tal desembarque, dado que a costa atlántica francesa estaba ocupada e defendida polo exército alemán e os seus herméticos “búnkeres”, ben se podería producir en Galicia, e a Costa da Morte podería ser o lugar máis propicio. Investigacións recentes desvelaron que mesmo os propios alemáns, malia a amizade de Hitler con Franco, pensaran facer caso omiso da neutralidade española e ocupar Galicia adiantándose así ós aliados.

Todos os días saían do campamento baiés dous ou tres destacamentos para vixiaren o litoral de Traba e Camariñas, e tamén á zona de Ponteceso e Malpica. Para Cee e Fisterra viña outro destacamento desde Santiago.

Ó final, o temido desembarque aliado foi en Normandía (6-6-1944) e, a partir de agosto deste ano, tras a toma de París polo exército aliado, o campamento de Baio foi un perfecto termómetro dos cambios de tendencia, pois o Goberno español empezou a licenciar soldados apuradamente e en outubro desmantelou o campamento a toda présa. Había que disimular a amizade cos nazis. Ademais, o Goberno empezou a desprazar soldados ós Pireneos, posto que se anunciaba a filtración de grupos de guerrilleiros republicanos dispostos a provocar pola acción das armas a caída do réxime.

O derradeiro testemuño material que quedou deste asentamento castrense foron dous grosos obeliscos en forma de bala, construídos con cachotes de pedra, que flanqueaban a entrada, desaparecidos polos anos sesenta, que estaban situados nun lugar intermedio entre os actuais Talleres Montes e a ponte.



O Campo do Campamento foi o primeiro máis ou menos regulamentario que houbo en Baio (foto Vidal)

## Outros acontecementos da época da posguerra

No verán de 1943 inaugurouse o Cine Pomares, da familia Amado, nome tomado dunha fonte que había nesta zona. Nunca se ha de valorar abondo o que lle van deber a esta sala as sucesivas xeracións de mozos e mozas de Baio e redonda ó longo de case 50 anos de existencia. Antes de aparecer a televisión (anos 60) a película do cinema dos sábados e domingos era esperada con gran ansiedade ó longo da semana, comentándose despois os restantes días: era unha gran diversión, e o lugar común dos parrafeos amorosos. Pero no "Pomares" non só houbo películas de cine, senón tamén obras de teatro, representado por afeccionados do propio Baio coma por compañías ambulantes de fóra (segundo do Paco Romero polos anos corenta representáronse obras de Zorrilla, Echegaray, Arniches etc.). O cine Pomares resistiu os anos da televisión pero non a revolución do vídeo: desapareceu por 1990: mágoa que por ben pouco, polo menos, non chegase ó seu medio século de existencia.

Entre 1946 e 1947 houbo un posto provisional da garda civil en Baio, a causa das frecuentes actividades dos guerrilleiros galegos antifranquistas (popularmente coñecidos coma "os focellas", polo lugar de nacemento -Focellas- de Benigno Andrade, un dos máis famosos). Un grupo actuou pola zona e, a consecuencia diso, entre 1947 e 1948 houbo un proceso na Coruña no que apareceron implicados varios veciños de Baio e da redonda; houbo máis de 200 encausados (a causa 200/47).

Segundo unhas memorias inéditas do avogado baiés Braulio Astray Romero, a presenza dos guerrilleiros por Baio e redonda non se detectou ata o outono-inverno de 1946. Pertencían á IV agrupación, dirixida polo mítico Manuel Ponte Pedreira. Sábese que moitos paisanos lle prestaron axuda, xa como enlaces, xa dándolles comida e durmida etc. Algunhas destas persoas que colaboraron coa guerrilla foron levados a consello de guerra cando se descubriu os seus nomes a raíz da morte de Ponte en abril de 1947; houbo quen logrou marchar para Arxentina a tempo. Os feitos máis significativos desta agrupación foron varios atracos a determinadas casas da comarca (en Tines, no Aplazadiro) e especialmente o asalto á casa-cuartel da garda civil en Vimianzo (8 novembro 1946). Conta Astray Romero que os guerrilleiros de Ponte actuaban selectivamente contra aquelas persoas que se significaran na represión do ano 1936. A pesar de ser de ideoloxía de dereitas, as familias Astray e Romero de Baio nunca foron molestadas: había unha consigna moi clara por parte do xefe da IV agrupación, que estaba casado cunha prima dos Astray de Ordes.



Peixeiras de Laxe e Malpica na Feira de Baio (foto J.M. Casal)

En xuño de 1954 inaugúranse no Campo do Rollo as escolas "Agra Regueiro", un edificio que hoxe conforma inexcusablemente a fisionomía da vila. Sufragaron os gastos a "parroquia de aló" (os emigrantes baieses de Buenos Aires) e a "parroquia de acá". O Estado non puxo nada. Os vecinos de Baio foron moi pillos (e moi valentes) colocando na fachada un rótulo con letras ben grandes coa lenda: "Costeadas por el pueblo". Grazas a este evocador rótulo a asociación de vecinos Tabeirón puido recuperar o edificio para usos comunais. Falaremos polo miúdo da curiosa historia do financiamento deste edificio máis adiante.

En outubro de 1972 inaugúrase o novo grupo escolar, que en 1975 recibe o nome de Colexio Público de EXB *Enrique Labarta Pose*. Outra boa iniciativa vecinal, que ó impoñerlle o nome do popular escritor baies evitouse o dalgún que outro político do Réxime franquista.



O edificio das Escolas Agra Regueiro "costeadas por el pueblo" (e non polo Goberno), sen o escudo franquista e co reloxo doado por Roberto Veloso (foto EDR, 2018)

### A primeira folga xeral da historia da vila (1990) <sup>13</sup>

Como se narra no libro póstumo de Pepe Valiña (2011: 74) o 14 de maio de 1990 tivo lugar a primeira folga xeral en Baio e en parroquias da súa redonda. A cusa fora un conflito orixinado no seo da corporación municipal de Zas pola intención de varios concelleiros de revogar un acordó anterior e cambiar de Baio para Zas o lugar de construción dun instituto de ensinanza media.

O 11 de decembro de 1989 o Conselleiro de Educación do goberno tripartito da Xunta de Galicia (PSOE, PNG e CG), Aniceto Núñez (PNG), asinara co alcalde de Zas, Ramón Loiz Ordóñez, o acordo para construír en Baio tal centro académico, ratificado posteriormente polo pleno municipal.

Pero resulta que o tripartito perdeu as eleccións autonómicas a mans do PP de Manuel Fraga Iribarne. Era o primeiro goberno do de Vilalba, e nel atopábase un notable Conselleiro empeñado en vengarse politicamente do alcalde, a quen lle atribuíu, xunto con outros veciños, a perda da Deputación da Coruña.



Inauguración oficial do IES Maximino Romero Lema (10/01/1995) [foto J.M. Casal]

Esta escura ‘vendetta’ política dividiu a corporación municipal e deu lugar a serios enfrontamentos que non pasaron a maiores por pura casualidade. Para o 14 de maio de 1990 estaba anunciado na Casa do Concello de Zas un pleno extraordinario que posiblemnte revogaríu o acordo plenario anterior. Ante esta

---

<sup>13</sup> Datos tomados, basicamente de Rojo Valiña (2011: 74).

posibilidade, pecharon todos os comercios e talleres de Baio e moitos veciños e veciñas fíronse manifestar diante da Casa Consistorial zasesa. Non houbo ningún incidente grave, pese a que as forzas antidisturbios estaban presentes e alerta e interviron no desaloxo da xente que sentara diante da porta de entrada ó edificio municipal.

Seguidamente, en varios ómnibus, unha multitude marchou a Santiago para manifestarse diante dos edificios da Xunta en San Caetano. Unha delegación veciñal conseguiu falar co Presidente da Xunta. A protesta veciñal tivo amplo eco na prensa, na radio e mesmo na televisión.

Finalmente, conseguiuase que o Goberno galego respectase o acordado oficialmente polo anterior goberno tripartito. A mobilización popular -quizais a primeira que sufriu Fraga no seu primeiro mandato- pesou moito, e, por se quedaba algunha dúbida, o anuncio por parte de monseñor Maximino Romero Lema da cesión duns terreos da súa propiedade na Agra de Baio, preto do río, dissipou todos os recelos gobernamentais e o instituto construíriase neste lugar. Os terreos doados polo arcebispo non abundaban e houbo que mercar un terreo anexo; os cartos foron achegados pola A. de VV. Tabeirón, presidida por Pepe de Valiña (a súa familia tamén ofrecera terreos).

As clases no Centro Homologado Municipal de Baio iniciáronse provisionalmente no curso 1991-92 no Pavillón Polideportivo.

O 21-10-1993 o pleno municipal de Zas dá licenza para a construción do Instituto.

O 10-1-1995 inaugúrase oficialmente o IES Maximino Romero Lema, nome que en xuño de 1994 solicitara á Consellería de Educación o Consello Escolar. Acudiu á inauguración o Presidente da Xunta de Galicia, Manuel Fraga, e o arcebispo Romero Lema foi que bendiciu as instalacións. Entre os asistentes tamén se atopaba o Conselleiro que ocasionara todo aquel conflito social de tipo localista que danou gravemente as relacións entre veciños de Zas e de Baio, conflito que non pasou a maiores pola sensatez duns e outros. A irresponsabilidade dalgúns políticos que só procuran os seus intereses da maneira máis egoísta non debera quedar no esquecemento.

Afortunadamente todo isto pasou e entre a veciñanza de Baio e Zas non queda ningún tipo de resquemor. Ás aulas do IES acoden rapaces e rapazas de todo o concello e doutros da comarca.





IES Maximino Romero Lema (Baio-Zas), na actualidade (2018), cun mural en homenaxe ás pandeireteiras da comarca (foto EDR)

### **Baio: escenario dunha das máis grandes manifestacións da Costa da Morte: a da ITV do Parque Empresarial do Allo (2011)**

Unha vez máis uns cambios arbitrarios por motivos de pura conveniencia política deron lugar a que tivese lugar en Baio, o 30 de abril de 2011, unha multitudinaria manifestación, que neste caso non foi só de ámbito local, senón comarcal, mesmo supracomarcal, pois a ela acudiu xente de moitos concellos e comarca do ámbito da Costa da Morte.

A causa fora o lugar de situación da ITV. No ano 2008 o Goberno bipartito da Xunta de Galicia (PSOE-BNG), de acordo co Concello de Zas -gobernado polo BNG-, aprobou a instalación no Parque Empresarial do Allo, que serviría para que os propietarios dos vehículos a motor de toda a Costa da Morte non tivesen que desprazarse á comarca da Coruña para pasar a inspección preceptiva. Pero unha vez máis o que decide un goberno xa non serve para outro, e co triunfo de Núñez Feijoo (PP) nas eleccións autonómica de 2009 o seu goberno pretendeu dar marcha atrás ó proxecto e cambiar a estación de lugar, para outro concello da súa corda.

Isto motivou que se conformase unha Plataforma polo Desenvolvemento da Costa da Morte, que, en vista de que o novo goberno non daba marcha atrás, convocou unha manifestación para esixir os cumprimento dos compromisos adquiridos.

Tal manifestación celebrouse en Baio por ser a vila máis próxima ó Allo, o 30/04/2011, e a asistencia foi moito maior do que esperaban os convocantes, pois xuntou a máis de 5.000 persoas chegadas de diversas localidades da Costa da Morte: empresarios, políticos e veciños en xeral. Desde a manifestación contra a xestión do naufraxio do *Prestige* en Cee (2003) non se recordaba outra igual (“La mayor manifestación de la comarca en años exige la ITV”, titulada *La Voz de Galicia* do 1-5-2011). A multitude iniciou o percorrido na Campo da Feira da Piroga (Bamiro) e percorreu a estrada xeral AC-552 ata o Campo do Rollo. O coñecido físico baiés Jorge Mira foi quen leu o manifesto elaborado pola plataforma, no que se salientaba que “este non é un problema do Concello de Zas, senón de toda a Costa da Morte”. O texto convidaba á unión e rexeitaba os localismos.

Os resultados das mobilizacións foron efectivos, pois ó final o Goberno galego non tivo máis remedio que recuar e deixar as cousas como estaban. A nave da estación da ITV do Parque Empresarial do Allo inaugurouse o 4 de xullo de 2012. Unha vez máis as protestas populares e as mobilizacións impediron unha nova arbitrariedade política.



Vista parcial de Baio, con edificios da Piroga en primeiro plano (foto XMLS)